

PROGRAMACION DIDÁCTICA

Curso 2023 / 2024

DEPARTAMENTO DE ITALIANO

EOI DE MONFORTE



Índice

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1. Organización da docencia	4
1.2. Horarios e grupos	5
1.3. Profesorado.....	5
2. ESTRUCTURA DOS ESTUDOS	6
2.1. NIVEL BÁSICO	6
2.1.1. NIVEL BÁSICO A1	19
2.1.1.1. Obxectivos específicos.....	19
2.1.1.2. Contidos e secuenciación	22
2.1.1.3. Criterios de avaliación	30
2.1.1.4. Mínimos esixibles	31
2.1.2. NIVEL BÁSICO A2.....	33
2.1.2.1. Obxectivos específicos.....	33
2.1.2.2. Contidos e secuenciación	38
2.1.2.3. Criterios de avaliación	52
2.1.2.4. Mínimos esixibles	53
2.2. NIVEL INTERMEDIO	57
2.2.1. NIVEL INTERMEDIO B1	77
2.2.1.1. Obxectivos específicos.....	77
2.2.1.2. Contidos e secuenciación	79
2.2.1.3. Criterios de avaliación	94
2.2.1.4. Mínimos esixibles	96
2.2.2. NIVEL INTERMEDIO B2.2	99
2.2.2.1. Obxectivos específicos.....	99
2.2.2.2. Contidos e secuenciación	101
2.2.2.3. Criterios de avaliación	113
2.2.2.4. Mínimos esixibles	116
2.3. NIVEL AVANZADO	119
2.3.1. NIVEL AVANZADO C1	139
2.3.1.1. Obxectivos específicos.....	139
2.3.1.2. Contidos e secuenciación	142
2.3.1.3. Criterios de avaliación	155
2.3.1.4. Mínimos esixibles	158
2.3.2 NIVEL AVANZADO C2.....	162
2.3.2.1. Obxectivos específicos.....	162
2.3.2.2. Contidos e secuenciación	164
2.3.2.3. Criterios de avaliación	173
2.3.2.4. Mínimos esixibles	176
3. LIBROS DE APOIO	179

3.1. Gramáticas	179
3.1.1. Prácticas.....	179
3.1.2. Teóricas	180
3.2. Léxico.....	180
3.3. Manuais de escritura	181
3.4. Dicionarios.....	181
3.4.1. Bilingües	181
3.4.2. Monolingües.....	182
3.4.2.1. Dicionarios on-line.....	183
3.4.1.2. Enciclopedias	183
3.5. Outros recursos e materiais	183
4. USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.....	183
5. ACTIVIDADES CULTURAIS E EXTRACURRICULARES	184
5.1. Actividades do departamento	184
5.2. Actividades a nivel centro.....	184
6. AVALIACIÓN.....	185
6.1. Principios xerais de avaliación	185
6.2. Procedementos de avaliación	185
6.3. Sesións de exames	186
6.4. Estrutura e contido das probas.....	186
7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	188
7.1. Avaliación do alumnado con necesidades especiais.....	189

1. INTRODUCCIÓN

O proxecto didáctico que se presenta reflicte os aspectos prioritarios para a docencia de lingua italiana contidos na normativa vixente de diverso rango:

- Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde do 8 de setembro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial.
- O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.
- O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.
- O Real decreto 1/2019, do 11 xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de réxime especial.

1.1. Organización da docencia

O Departamento de Italiano da Escola Oficial de Idiomas de Monforte, conforme ás directrices do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, decide impartir os cursos de: Básico A1, Básico A2, Intermedio B2.2, avanzado C1.1 e avanzado C2, ademais de dous cursos monográficos: *Turismo e gastronomía rexional italiana e Italia a través da literatura*.

1.2. Horarios e grupos

O seguinte cadro resume a totalidade da oferta horaria, mostrando ademais das franxas horarias e os cursos, os grupos, os días da semana nos que se van impartir as clases ó longo do curso 2023-2024.

OFERTA ITALIANO

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:30-11:30					Monográfico <i>Italia a través da literatura</i>
11:30-12:30					Monográfico <i>Turismo e gastronomía</i>
16:30-18:30	ITA B1		ITA B1		
16:30-18:30	ITA C1.1	ITA A1	ITA C1.1	ITA A1	
18:30-20:30	ITA C2		ITA C2		
18:30-20:30	ITA A2		ITA A2		
19:30-21:30		ITA B2		ITA B2	

1.3. Profesorado

Durante este curso as clases do Departamento serán impartidas polo seguinte profesorado:

Inmaculada Pérez-Carrillo López	María Sandra Ferreira González
GRUPOS: Básico A2, Intermedio B2 e Avanzado C1.1.	GRUPOS: Básico A1, Intermedio B1 e Avanzado C2
Monográfico: Turismo e gastronomía rexional italiana (A1/A2/B1)	Monográfico: Italia a través da literatura (B1-B2)
TITORÍA: Luns 16:00 -16:30 Mércores 16:00 -16:30	TITORÍA: Mércores 16:00 – 16:30 Xoves 16:00 – 16:30

2. ESTRUTURA DOS ESTUDOS

2.1. NIVEL BÁSICO

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico o alumnado será capaz de:

A1	A2
<p>Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.</p>

<p>Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.</p>	<p>Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica</p>
---	--

Obxectivos xerais

A1	A2
Actividades de comprensión de textos orais	

<p>Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.</p> <p>Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.</p> <p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.</p>	<p>Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.</p> <p>Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p> <p>Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.</p>
---	---

<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	
<p>Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p> <p>Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.</p> <p>Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>Interactuar para obter ou ofrecer bens e</p>	<p>Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.</p> <p>Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves</p>

<p>servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.</p> <p>Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.</p> <p>Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.</p> <p>Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>
--	--

<p>Actividades de produción e coprodución de textos</p>	<p>Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p>Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</p>	<p>Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p>Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.</p> <p>Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>
---	---	---

Actividades de mediación	<p>Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p> <p>Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.</p>	<p>Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.</p> <p>Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial.</p> <p>Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moisinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten comprensión.</p> <p>Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).</p>
--------------------------	---	---

Competencias e contidos

Socioculturais e sociolingüísticos	<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p>	
	A1	A2
	<p>Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, transporte...</p> <p>Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá</p>	<p>Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...</p> <p>Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...</p>

Estratéxicos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	A1	A2
<p>1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. - Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. - Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...). - Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. - Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o 		

obxectivo que se pretende acadar.

- **Planificar** a estrutura básica do texto.
- **Ensañar** o texto oral ou escrito.
- **Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- **Aproveitar** os coñecementos previos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Probar** novas expresións.
- **Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- **Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- **Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- **Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- **Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- **Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- **Comprobar** hipóteses.
- **Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- **Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.
- **Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivele ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.		
Funcionais	A1	A2
	Usos sociais da lingua: <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. 	Usos sociais da lingua: <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar.

<p>- Interesarse por persoas.</p> <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e incompreensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir). - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información sobre datos persoais. - Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. - Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa. - Indicar posesión. - Indicar onde e cando ocorre algo. - Referirse a accións cotiás presentes. <p>Opiniós e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar intereses, preferencias e gustos. - Afirmar e negar algo. - Mostrar acordo e satisfacción. - Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade. - Expresar estados de saúde, sensacións e sentimentos. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda, obxectos e servizos - Invitar e reaccionar adecuadamente. 	<p>- Interesarse por persoas.</p> <p>- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.</p> <p>- Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela e breve.</p> <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e falta de comprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. - Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas, obxectos e lugares. - Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. - Expoñer proxectos e formular hipóteses. <p>Opiniós e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar un feito. - Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. - Expresar coñecemento ou descoñecemento. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar estadosde ánimo. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda, obxectos e servizos. - Suxerir unha actividade.
---	--

Discursivos	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	A1	A2
	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formularios - Listaxes - Horarios - Billetes e entradas - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Dicionarios - Folletos informativos ou publicitarios - Notas e mensaxes <p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas moi sinxelas 	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Formularios - Listaxes - Etiquetas de produtos e embalaxes - Folletos informativos ou publicitarios - Biografías - Correspondencia persoale formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Axendas e diarios - Textos sinxelos e breves - Informacións meteorolóxicas - Notas e mensaxes - Instrucións sinxelas - Programacións de radio e televisión - Receitas de cociña moi sinxelas - Carteleiras de espectáculos <p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas sinxelas - Instrucións e anuncios - Presentacións públicas

Sintáticos	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
	A1	A2
<ul style="list-style-type: none"> - O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número. - O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais - O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais - O demostrativo. Formas, contraccións e usos - O posesivo. Formas e usos - Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais - Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos - As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común - O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións - O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección - As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente - A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos - Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos 		

Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p>	
	A1	A2
<ul style="list-style-type: none"> - Actividades cotiás: hábitos e horarios... 		

- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

	Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.	
	A1	A2

Fonético-fonolóxicos	<ul style="list-style-type: none"> - O alfabeto - Correspondencia entre grafías e fonemas - Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos - A entoación - O acento. Regras básicas de acentuación - Recoñecemento e produción dos tons - Estrutura silábica
Ortotipográficos	<ul style="list-style-type: none"> - Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente - Orde dos trazos dos caracteres - Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos - Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas - Ortografía do vocabulario máis usual - Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

Criterios de avaliación

A1	A2
Actividades de comprensión de textos orais	
<p>Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p>Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.</p>	<p>Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p>Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis</p>

	común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.
--	--

A1	A2
Actividades de produción e coprodución de textos orais	
<p>Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p>Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Interactúa de maneira sinxela e intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou</p>	<p>Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p>Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a</p>

cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.	colaboración da persoa interlocutora.
--	---------------------------------------

A1	A2
Actividades de comprensión de textos escritos	
<p>Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducilo contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Recoñece os valores e significados asociados convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación mais elementais.</p>	<p>Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p>Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.</p>

O curso anterior 2022-23 a docencia do nivel básico impartíuse en dous cursos. O nivel A1 nun curso e os niveis A1 e A2 impartíronse noutro curso no que se deron prioridade os contidos máis relevantes adaptándose ademais ao nivel do alumnado para acadar os mínimos esixibles do nivel A2 e poder acceder ao nivel B1.

Este curso 2023-2024 o departamento decidiu ofertar outra vez o nivel A1 cunha temporalización dun ano para poder afianzar os coñecementos básicos e o nivel A2 para dar continuidade aos alumnos que o curso anterior fixeron A1.

2.1.1. NIVEL BÁSICO A1

2.1.1.1. Obxectivos específicos

COMPRENSIÓN ORAL

- Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas,

desculpas, agradecementos, etc.

- Comprender o esencial en conversas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal (familia, traballo...), sempre que se fale con lentitude, articulando axeitadamente os sons.
- Comprender o interlocutor en transaccións moi básicas (por exemplo, mercar o xornal ou pedir un café), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Comprender instrucións básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.
- Comprender o interlocutor en transaccións e xestións básicas (por exemplo, mercar un billete de tren ou elixir o menú nun restaurante) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Comprender textos moi sinxelos que relaten experiencias persoais.
- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- Comprender o sentido xeral de textos audiovisuais tales como partes meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén co apoio de imaxes ou con outro apoio documental.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Establecer contactos sociais moi breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura moi sinxela.
- Presentarse e intercambiar información sobre si mesmo ou sobre outra persoa (nome, profesión, idade, residencia, relacións familiares, orixe, etc.).
- Facer compras sinxelas dicindo o que se quere e preguntando o prezo.
- Dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas e reaccionar adecuadamente ante elas.
- Falar de experiencias persoais e de actividades cotiás de forma moi sinxela e

breve.

- Expressar de forma sinxela sentimentos e sensacións físicas frecuentes (fame, frío, calor etc.).
- Expressar de forma sinxela gustos, preferencias e intereses.
- Pedir a colaboración do interlocutor: por exemplo, dicir que algo non se entende, pedir que se repita, que se soletree un nome, que se fale máis devagar, que se reformule a pregunta, etc.
- Facerse entender nunha entrevista e poder dar nela información moi básica.
- Describir de forma moi breve e sinxela persoas, lugares e obxectos en conversas informais en relación con asuntos cotiáns.
- Pedir a colaboración do interlocutor: por exemplo, dicir que algo non se entende, pedir que se repita, que se soletree un nome.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender textos que inclúan información persoal básica propia e doutras persoas, como formularios, carnés, etc.
- Comprender instrucións breves e sinxelas, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posíbel dos termos descoñecidos, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.
- Comprender instrucións, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos en lugares públicos, por exemplo bibliotecas, centros de estudo, teatros, etc.
- Comprender correspondencia persoal breve e sinxela, por exemplo cartas, correos electrónicos, etc.

- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posíbel dos termos descoñecidos, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Completar un cuestionario, formulario ou impreso con informacións persoais básicas: nome, nacionalidade, idade, etc.
- Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predecible.
- Escribir correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc., sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.
- Describir de xeito sinxelo lugares, obxectos e persoas.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.1.1.2. Contidos e secuenciación

Os contidos do curso adáptanse ao libro de texto Bravissimo 1, curso d'italiano. *Libro dello studente*. Marilisa Birelloe Albert Vilagrassa. Casa delle lingue, Barcelona, que tamén ten un caderno de exercicios: Bravissimo 1, corso d'italiano, quaderno degli esercizi.

	<p>Bravissimo 1, corso de italiano.</p> <p><i>Libro dello studente.</i></p> <p><i>Birello, M. e Vilagrasa, A.</i></p> <p>Editorial Casa delle lingue</p> <p>Edición 2015</p> <p>ISBN 9788484438489</p>
	<p>Bravissimo 1, corso d'italiano, quaderno degli esercizi.</p> <p>Morel, M., Bologna-Tollemer, E. e Sarian, C.</p> <p>Editorial Casa delle lingue</p> <p>Edición 2015</p> <p>ISBN 9788484439721</p>

Os obxectivos e contidos do Básico A1 desenvolveranse partindo das seguintes unidades didácticas temáticas:

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
<p>Unidade 1: “Benvenuti”</p> <p>Unidade 2: “Lei é Caroline”</p> <p>Unidade 3: Il mio quartiere”</p> <p>Unidade 4: “Amici miei”</p>	<p>Unidade 5: “Un giorno come tanti”</p> <p>Unidade 6: “Ti sta proprio bene”</p> <p>Unidade 7:” Ben fatto!”</p> <p>Unidade 8: “Buon appetito!”</p>

Secuencia dos contidos en unidades didácticas

Preséntanse a continuación as secuenciacións de contidos dos niveis por separado conforme á oferta educativa para o curso actual.

Unidade didáctica 0: avaliación inicial

Actividade	Obxectivo	Temporalización
Avaliación inicial	Detección de eventuais coñecementos previos e do nivel xeral en canto ao léxico ou ás estruturas do italiano.	1 sesión

Primeiro cuadrimestre (setembro – xaneiro)

Unidade didáctica 1

Tema: IL SALUTO	Benvenuti
Temporalización	8 sesións (setembro – outubro)
Obxectivo	Distinguir os saúdos e presentarse
Actividades	Identificación das letras do alfabeto italiano e os sons desta lingua. Deletrear o nome e outras expresións. Lecturas breves de primeiro contacto coa lingua, lecturas de diálogos e presentacións. Facer un breve diálogo saudando e presentándose.
Contidos funcionais	Os saúdos. Presentarse. Preguntar a alguén como está. A comunicación na aula.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Formas de tratamento formal e informal: <i>tu, Lei</i> . Convencións sociais. Fórmulas de cortesía, saúdos. Personaxes italianos famosos. Información sobre Italia
Contidos léxico-semánticos	Saúdos e convencións. O léxico da clase.

Contidos gramaticais	Pronomes persoais. Tratar de <i>tu</i> e de <i>Lei</i> Presente indicativo (essere, stare, chiamarsi). Artigo determinado.
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O alfabeto italiano. Correspondencia entre grafías e fonemas. Recoñecemento e produción de sons vocálicos e consonánticos.

Unidade didáctica 2

Tema: PRESENTARSI	Lei é Caroline
Temporalización	7 sesións (outubro – novembro)
Obxectivo	Intercambiar información persoal. Presentarse e presentar a alguén.
Actividade final	Facer unha breve presentación dun compañeiro da clase.
Contidos funcionais	Pedir algo, solicitar informacións. Encher un módulo con datos persoais. Falar das profesións.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Nomes e apelidos italianos. Documentos de identidade italianos. A “tómbola”
Contidos léxico-semánticos	Os adxectivos de nacionalidade. As profesións e os lugares de traballo. Os números do 1 ao 100.
Contidos gramaticais	Os artigos indeterminativos singular. A formación do plural. Indicativo presente (verbos <i>essere</i> , <i>avere</i> , <i>venire</i> verbos en <i>-are</i> e <i>-ere</i>). Le preposizioni <i>a</i> , <i>in</i> , <i>di</i> e <i>da</i> .
Contidos fonéticos	A posición do acento en italiano.

Unidade didáctica 3

Tema: CITTÀ	Il mio quartiere
-------------	-------------------------

Temporalización	7 sesións (novembro-decembro)
Obxectivo	Describir un lugar. Transmitir e pedir informacións sobre lugares e direccións.
Actividade final	Describir o teu barrio ideal Pedir informacións sobre a cidade de Monforte.
Contidos funcionais	Describir un barrio ou cidade. Localizar no espazo Dicir unha cantidade
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Principais barrios e cidades italianas.
Contidos léxico-semánticos	O léxico da cidade: servizos e lugares. Expresión de lugar.
Contidos gramaticais	Os artigos indeterminativos plural Os indefinidos <i>C'è, ci sono</i> Indicativo presente: verbos regulares e verbos con -isc. Artigos determinados e indeterminados.
Contidos fonéticos	Preguntar e afirmar, entonación

Unidade didáctica 4

Tema: AMICI E FAMIGLIA	Amici miei
Temporalización	7 sesións (decembro – xaneiro)
Obxectivo	Ser capaz de describir a unha persoa
Actividade final	Describir a túa familia e amigos. Falar de eventos familiares relevantes.
Contidos funcionais	Expresar gustos e preferencias. Expresar acordo e desacordo. Describir un amigo, o seu aspecto físico e carácter.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Celebridades italianas. A familia en Italia.

Contidos léxico-semánticos	Gustos e intereses A familia O físico e o carácter
Contidos gramaticais	Os posesivos. Os adxectivos cualificativos. Indicativo presente: verbo <i>fare</i> e verbo <i>piacere</i> con pronombres indirectos.
Contidos fonéticos	Entonación das exclamacións.

Segundo cuadrimestre (febreiro - maio)

Unidade didáctica 5

Tema: ABITUDINE	Un giorno come tanti
Temporalización	6 sesións
Obxectivo	Dar información sobre os hábitos diarios.
Actividade final	Facer un cuestionario sobre os hábitos dos compañeiros da clase. Escribir un diario cos nosos hábitos diarios.
Contidos funcionais	Falar dos propios hábitos. Expresar acordo e desacordo. Dicir e pedir a hora. Informar sobre os horarios.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	O hábitos dos italianos. Proverbios italianos referidos ás partes do día.
Contidos léxico-semánticos	Os momentos do día. Os días da semana As expresión de tempo Actividades do tempo libre e deportes
Contidos gramaticais	Presente de indicativo: verbos en <i>-ire</i> . Os verbos reflexivos.
Contidos fonéticos.	Entoación interrogativa e declarativa.

Unidade didáctica 6

Tema: MODA	Ti sta proprio bene!
Temporalización	6 sesións (marzo)
Obxectivo	Coñecer e usar o léxico da moda
Actividade final	Describir o que levas na maleta Organizar un desfile de moda
Contidos funcionais	Saber comunicarse nunha tenda de moda (o prezo, a talla, o tecido) Facer comentarios sobre a roupa e os accesorios. Falar do tempo atmosférico
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A moda e os diseñadores italianos O “Made in Italy” As moedas de euro italianas.
Contidos léxico-semánticos	O léxico da moda As cores As tendas As estación e os meses do ano O tempo atmosférico
Contidos gramaticais	Os demostrativos Os verbos modais As formas de cortesía Os pronomes de complemento directo
Contidos fonéticos	Os sons das consoantes laterais (l, l e o grafema gl)

Unidade didáctica 7

Tema: LA VITA	Ben fatto!
Temporalización	6 sesións (marzo – abril)
Obxectivo	Comprender as experiencias de vida, competencias e hobbies das persoas.
Actividade final	Ofrecer un servizo aos nosos compañeiros de clase.
Contidos funcionais	Falar da propia experiencia, habilidade e competencias.

	Falar de eventos pasados
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	O voluntariado en Italia. A muller italiana. A escola en Italia
Contidos léxico-semánticos	O léxico da vida, competencias e habilidades. Os hobbies e actividades de tempo libre. Os adxectivos de personalidade
Contidos gramaticais	O pasado en italiano. Os participios irregulares. O verbo <i>sapere</i>
Contidos fonéticos	Pronuncia das consoantes sibilantes xorda e sonora (<i>s, ss, z</i>)

Unidade didáctica 8

Tema: ALIMENTAZIONE	Buon appetito
Temporalización	6 sesións (abril – maio)
Obxectivo	Comprender e reproducir os diálogos nun restaurante ou facendo a compra.
Actividade final	Crear un menú para unha comida cos nosos compañeiros de clase. Reproducir un diálogo nun bar.
Contidos funcionais	Preguntar e dar información sobre comida Pedir algo nun bar ou nun restaurante. Desenvolverse facendo a compra. Dar consellos sobre alimentación
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A gastronomía italiana. Produtos típicos en Italia.

	Tipos de café e de pasta.
Contidos léxico-semánticos	O léxico dos alimentos. Tendas de comida e restaurantes. Medidas e cantidade.
Contidos gramaticais	Os artigos partitivos. A partícula “ne” O imperativo.
Contidos fonéticos	As consoantes dobres.

2.1.1.3. Criterios de avaliación

- Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.
- Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado

suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.
- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

2.1.1.4. Mínimos esixibles

Para poder acceder ao Nivel Básico A2 as alumnas e os alumnos demostrarán que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRENSIÓN ORAL

- Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas, agradecementos, etc.
- Comprender o esencial en conversas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal (familia, traballo...), sempre que se fale con lentitude, articulando axeitadamente os sons.
- Comprender o interlocutor en transaccións moi básicas (por exemplo, mercar o xornal ou pedir un café), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender a información esencial de pasaxes sinxelas curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Establecer contactos sociais moi breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos de estrutura moi sinxela.
- Presentarse e intercambiar información sobre si mesmo ou sobre outra persoa (nome, profesión, idade, residencia, relacións familiares, orixe, etc.).
- Facer compras sinxelas dicindo o que se quere e preguntando o prezo.
- Expresar de forma sinxela sentimentos e sensacións físicas frecuentes (fame, frío, calor etc.).
- Expresar de forma sinxela gustos.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender textos que inclúan información persoal básica propia e doutras persoas, como formularios, carnés, etc.
- Comprender instrucións breves e sinxelas, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes... se contan con apoio visual.
- Comprender o sentido global en textos claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Completar un cuestionario, formulario ou impreso con informacións persoais básicas: nome, nacionalidade, idade, etc.
- Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información transmitida oralmente, sempre que poida pedir que lle repitan ou reformulen a información.
- Escribir mensaxes sinxelos con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade, por exemplo listas de compras, etc.
- Escribir correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais ou felicitacións sobre temas da vida cotiá.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

- É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade

de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

- Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.
- Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas

2.1.2. NIVEL BÁSICO A2

2.1.2.1. Obxectivos específicos

COMPRENSIÓN ORAL

- Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas, agradecementos, etc.
- Comprender o esencial en conversas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal (familia, traballo...), sempre que se fale con lentitude, articulando axeitadamente os sons, e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender o interlocutor en transaccións moi básicas (por exemplo, mercar o xornal ou pedir un café), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender instrucións básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves (por exemplo, na aula, para orientarse nunha cidade...), sempre que se poidan pedir aclaracións e repeticións.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posíbel dos termos descoñecidos, axudarse dos acentos, da entoación, dos coñecementos doutras linguas, etc.
- Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.
- Comprender o interlocutor en transaccións e xestións básicas (por exemplo,

mercar un billete de tren ou elixir o menú nun restaurante) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.

- Comprender o significado global e as informacións relevantes dunha comunicación telefónica moi sinxela (conversas ou mensaxes gravadas), sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir repeticións e aclaracións.
- Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información en situacións de necesidade inmediata (avisos de perigo, horarios en estacións...).
- Comprender textos sinxelos que relaten experiencias persoais, captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar.
- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- Comprender o sentido xeral e a información esencial de textos audiovisuais tales como partes meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén co apoio de imaxes ou con outro apoio documental.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posíbel dos termos descoñecidos, axudarse dos acenos, da entoación, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Establecer contactos sociais moi breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura moi sinxela.
- Presentarse e intercambiar información sobre si mesmo ou sobre outra persoa (nome, profesión, idade, residencia, relacións familiares, orixe, etc.).
- Facer invitacións e propostas e reaccionar adecuadamente ante elas.
- Facer compras sinxelas dicindo o que se quere e preguntando o prezo.
- Dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas e reaccionar adecuadamente ante elas.



- Falar de experiencias persoais e de actividades cotiás de forma moi sinxela e breve.
- Expresar de forma sinxela sentimentos e sensacións físicas frecuentes (fame, frío, calor, satisfacción, insatisfacción, afecto, etc.).
- Expresar de forma sinxela gustos, preferencias e intereses.
- Pedir a colaboración do interlocutor: por exemplo, dicir que algo non se entende, pedir que se repita, que se soletree un nome, que se fale máis devagar, que se reformule a pregunta, etc.
- Establecer contactos sociais breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura sinxela, adecuadas á situación e ao interlocutor.
- Iniciar, manter e rematar unha conversa, tomar a palabra ou reclamar atención, utilizando expresións básicas.
- Desenvolverse en transaccións e xestións cotiás (as viaxes, o aloxamento, as compras...).
- Facerse entender nunha entrevista e poder dar nela información moi básica, ou intercambiar ideas sobre temas habituais.
- Describir de forma breve e sinxela persoas, lugares e obxectos en conversas informais en relación con asuntos cotiás.
- Contar unha historia breve e sinxela, cun nivel moi básico de coherencia e cohesión.
- Facer anuncios breves, sinxelos e previamente ensaiados, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo preguntas breves e sinxelas dos ouvintes se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expresar de forma sinxela a opinión sobre un tema coñecido, mostrando acordo ou desacordo.
- Expoñer plans e facer hipóteses de forma breve e sinxela. en conversas informais en relación con asuntos cotiás.
- Pedir a colaboración do interlocutor: por exemplo, dicir que algo non se entende, pedir que se repita, que se soletree un nome, que se fale máis devagar, que se reformule a pregunta, etc.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender textos que inclúan información persoal básica propia e doutras persoas, como formularios, carnés, etc.
- Comprender instrucións breves e sinxelas, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos, especialmente se contan con apoiovisual.
- Comprender en notas persoais mensaxes breves que conteñan informacións, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia, por exemplo listaxes, horarios, páxinas amarelas, dicionarios, catálogos de prezos, guías de ocio, etc.
- Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto o significado posíbel dos termos descoñecidos, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.
- Comprender instrucións, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos en lugares públicos, por exemplo bibliotecas, centros de estudo, teatros, etc.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos relacionados con temas da súa experiencia, por exemplo revistas, guías de ocio, páxinas web, folletos ilustrados, etc.
- Comprender correspondencia persoal breve e sinxela, por exemplo cartas, correos electrónicos, etc.
- Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas, tales como a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedido, a reserva dun hotel, etc.
- Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos, especialmente se contan con apoio visual.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión: por exemplo, deducir do contexto

o significado posíbel dos termos descoñecidos, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Completar un cuestionario, formulario ou impreso con informacións persoais básicas: nome, nacionalidade, idade, etc.
- Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información transmitida oralmente, sempre que poida pedir que lle repitan ou reformulen a información.
- Escribir anuncios sinxelos, notas ou mensaxes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade, por exemplo listas de tarefas, listas de compras, etc.
- Escribir correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc., sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.
- Dar informacións sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses, por exemplo redactar un curriculum vitae esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc.
- Describir de xeito sinxelo lugares, obxectos e persoas.
- Narrar e describir de forma sinxela e breve feitos e experiencias así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiás como a familia, as condicións de vida, a formación, o traballo, etc.
- Escribir correspondencia persoal breve e sinxela, como por exemplo cartas, correos electrónicos, postais, etc., na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.
- Escribir correspondencia formal sinxela e breve na que se solicite un servizo ou se pida información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.1.2.2. Contidos e secuenciación

Os contidos do curso adáptanse ao libro de texto *Bravissimo 2, corso d'italiano. Libro dello studente*. Marilisa Birelloe Albert Vilagrasa. Casa delle lingue, Barcelona, que tamén ten un caderno de exercicios: *Bravissimo 2, corso d'italiano, quaderno degli esercizi*.

	<p><i>Bravissimo 2, corso de italiano. Libro dello studente.</i></p> <p><i>Birello, M. e Vilagrasa, A.</i></p> <p>Editorial Casa delle lingue</p> <p>Edición 2020</p> <p>ISBN 9788415620655</p>
	<p><i>Bravissimo 2, corso d'italiano, quaderno degli esercizi.</i></p> <p>Morel, M., Bologna-Tollemer, E. e Sarian, C.</p> <p>Editorial Casa delle lingue</p> <p>Edición 2013</p> <p>ISBN 9788415620662</p>

Os obxectivos e contidos do Básico A2 desenvolveranse partindo das seguintes unidades didácticas temáticas:

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
Unidade 1: <i>Italiano... che passione!</i>	Unidade 5: <i>Volentieri</i>

Unidade 2: <i>Come eravamo?</i>	Unidade 6: <i>Salute e benessere</i>
Unidade 3: <i>Nessun posto è come casa</i>	Unidade 7: <i>Il lavoro che fa per me</i>
Unidade 4: <i>Una vita da spettacolo</i>	Unidade 8: <i>Facciamo un giro?</i>

Contidos para o primeiro cuadrimestre do curso A2

Socioculturais e sociolingüísticos

- Vida cotiá: Distribución do día, rutina diaria e actividades de lecer. Fórmulas de cortesía. Distribución do día e rutina diaria, as comidas.
- Condições de vida: Transporte. Moverse na cidade, usar os medios de transporte públicos, prazas e rúas en Italia.
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.
- Socialización e tempo libre. Actividades de lecer.
- Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares, celebracións arredor da mesa. Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...).

Estratéxicos

- Adequar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Comprobar hipóteses.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.

- Planificar a estrutura básica do texto.
- Probar novas expresións.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.

Funcionais

- Saudar e despedirse.
- Presentarse e presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Manifestar comprensión e incompreensión.
- Afirmar e negar algo.
- Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Preguntar e falar de accións cotiás.
- Interesarse por persoas.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, e actividades.
- Invitar e reaccionar adecuadamente.
- Interactuar nun restaurante, pedir información, pedir permiso, expresar a probación, agradecer, felicitar e convidar.
- Expresar interese, preferencias e gustos. Pedir axuda, obxectos e servizos. Expresar sensacións físicas e sentimentos.
- Interactuar na rúa, pedir información, agradecer.
- Pedir axuda, pedir indicacións estradais.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.

Discursivos

- Carteis, letreiros e sinais.
- Conversas cara a cara.

- Formularios.
- Horarios.
- Billetes e entradas.
- Correspondencia persoal. F
- Folletos informativos ou publicitarios.
- Cartas de restaurantes e menús.
- Recetarios de cociña.
- Dicionarios.
- Conversas cara a cara e telefónicas.

Sintácticos

- O verbo: formas máis usuais para a expresión do presente. Indicativo Presente dos verbos regulares, reflexivos e algúns irregulares. Verbos modais e outros verbos irregulares no presente. Imperativo con VOI. O Imperativo de segunda persoa formal e informal. O verbo DOVERE. Introducción ao Passato Prossimo. O Participio Pasado. Verbos transitivos e intransitivos.
- O nome (xénero e número). Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O adxectivo de nacionalidade. Adxectivos posesivos MIO, TUO, SUO.
- Os numerais ata o 30.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais.
- A concordancia de artigos, nomes e adxectivos.
- Os conectivos máis comúns: E, PRIMA, POI, INVECE, QUANDO, PERCHÉ, MA, INVECE, ALLORA, PERCHÉ, QUINDI.
- Os procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.
- As formas e usos máis habituais do pronome persoal.
- O partitivo DI.
- A preposición CON, as preposicións temporais DA e A e as preposicións articuladas.
- O pronome relativo CHE.
- As partículas interrogativas de uso máis frecuente.

Léxicos

-Saúdos, identificación persoal, idade, profesións, xentilicios, o tempo libre (actividades de lecer), estacións do ano.

-Hábitos e horarios, xestións sinxela, actividades de lecer, nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento e equipaxe.

-Léxico relativo a actividades cotiás, tempo libre e ocio. Partes do día, días da semana, expresións co verbo FARE, adverbios de frecuencia, lugares destinados ao tempo libre.

-Tipos de restaurantes, pratos, tipos de alimentos, bebidas, adxectivos para falar de gustos e preferencias culinarias, moedas e adverbios de cantidade.

-Lugares da cidade, edificios e espazos públicos, expresións para indicar espazos, verbos de movementos, as cores.

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos:

-Alfabeto italiano.

-Correspondencia entre grafías e fonemas.

-Recoñecemento e produción de sons vocálicos e consonánticos.

-A entoación. Entoación interrogativa e exclamativa.

-Estrutura silábica.

-Consonantes dobres.

Contidos para o segundo cuadrimestre do curso A2

Socioculturais e sociolingüísticos

-Tempo libre e as vacacións dos italianos, costumes dos italianos en vacacións, algúns destinos turísticas (Toscana e Venezia).

-Festas, tradicións e regalos típicos (Nadal e Fin de Ano).

-Festas familiares, nacementos, matrimonio, festas de licenciatura. Tradicións en Italia: o matrimonio. Tendencias da familia italiana.

-Horarios de apertura e peche de tendas, tipos de tendas e mercancías, costumes nas compras.

-Sistema escolástico en Italia.

- Tipos de vivenda, decoración e coidados do fogar, obxectos típicos das casas italianas.
- Coidados e saúde, terapias alternativas, o tabaco, o médico de familia. Estratéxicos:
 - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
 - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. Comprobar hipóteses.
 - Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
 - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
 - Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...). Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
 - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
 - Ensañar o texto oral ou escrito.
 - Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
 - Planificar a estrutura básica do texto.
 - Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
 - Probar novas expresións.
 - Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
 - Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
 - Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

Funcionais

- Pedir e dar información sobre medios de transporte, falar de viaxes e vacacións, dar consellos sobre viaxes e lugares de interese turístico, falar de aloxamentos, falar do tempo meteorolóxico.
- Interactuar nunha tenda, informarse e dar informacións sobre o aspecto. Saudar e interactuar ao teléfono.
- Describir relacións de parentesco, describir aspecto físico e personalidade, falas dos estudos e da escola, expresar bos desexos (Nadal).
- Expresar intencionalidade, facer proxectos, expresar dúbidas, facer previsións e

suposicións, pedir e dar información sobre casas en venta ou alugueiro, pedir e dar información sobre materiais e obxectos de decoración, pedir e dar o permiso para entrar.

-Preguntar e falar do estado de saúde, de como se sente, pedir e dar consellos de saúde.

Discursivos

- Anuncios publicitarios.
- Carteis, letreiros e sinais.
- Conversas cara a cara.
- Conversas telefónicas sinxelas.
- Correspondencia persoal, notas e mensaxes.
- Dicionarios.
- Etiquetas e embalaxes de produtos.
- Folletos informativos ou publicitarios.
- Formularios.
- Instrucións sinxelas.
- Listaxes.

Sintácticos

-Escala do auxiliar no Passato Prossimo, algúns participios pasados irregulares, posición dos adverbios co Passato Prossimo, pronomes directos, o SI IMPERSONALE, preposicións de lugar e o conectivo SE.

-Adxectivo posesivo con nomes de parentela, o uso do Imperfetto na descrición, pronomes directos e indirectos, concordancia do participio pasado cos pronomes, preposicións DI e PER, o conectivo ANCHE SE.

-Futuro Simple regular e irregular, Imperfecto para accións en desenvolvemento, preposicións e expresións de lugar, conectivos causais: PERCHÉ e SICCOME.

-Posición dos pronomes co Imperativo e o Infinitivo. Introducción á combinación do Passato Prossimo e o Imperfetto. Pronomes e adxectivos indefinidos. O conectivo MENTRE.

-Pronomes complemento indirecto.

-O partitivo NE.

- Comparativos de superioridade, inferioridade e igualdade.
- Adxectivos posesivos.
- Futuro Simple para facer hipóteses.
- Preposicións locativas cos nomes das tendas (in) e dos tendeiros (da), e preposición A (a righe) para o estampado dos tecidos.

Léxicos

- Léxico relativo a viaxes, medios de transporte, aloxamento, destinos turísticos, estacións do ano e períodos de vacacións, o tempo atmosférico, actividades de ocio durante as vacacións e o tempo libre, equipaxes, expresións de tempo.
- Tipos de tendas e mercancías, cantidades, pesos e medidas, tipos de embalaxes, prendas de vestir e accesorios, adxectivos para describir roupa e calzado, tecidos e deseños. Léxico relacionado co mundo da moda e o estilo.
- Grados de parentela, adxectivos para a descrición de aspectos físicos e forma de ser, títulos de estudio, prefixos de negación.
- Tipos de casas e partes da casa, mobles da casa e obxectos de decoración, formas e materiais, nomes compostos verbo e nome (*colapasta*), os numerais.
- Enfermidade e trastornos da saúde, curas e terapias, partes do corpo, verbos de movemento, expresións co verbo AVERE (FAME, SETE, SONNO...), Expresións co verbo ESSERE (*contento, stanco..*). Marcadores temporais PRIMA, DOPO e DURANTE.

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- Alfabeto italiano.
- Correspondencia entre grafías e fonemas.
- Recoñecemento e produción de sons vocálicos e consonánticos.
- A entoación. Entoación interrogativa e exclamativa.
- Estrutura silábica.
- Consonantes dobres.

Secuencia dos contidos en unidades didácticas

Preséntanse a continuación as secuenciacións de contidos dos niveis por separado conforme á oferta educativa para o curso actual.

Unidade didáctica 0: avaliación inicial

Actividade	Obxectivo	Temporalización
Avaliación inicial	Avaliación dos coñecementos do nivel A1 e avaliación da produción oral e escrita. Repaso dos contidos mais importantes de A1.	3 sesións

Primeiro cuadrimestre (setembro – xaneiro)

Unidade didáctica 1

Tema: EXPERIENCIAS LINGÜÍSTICAS	Italiano... che passione!
Temporalización	7 sesións (setembro – outubro)
Obxectivo	Saber facer un balance das propias experiencias lingüísticas e saber falar delas
Actividade final	Facer una breve presentación sobre a relación do alumno coas linguas estranxeiras.
Contidos funcionais	Falar das estratexias para aprender unha lingua. Expresar emocións e dificultade. Expresar opinións (I) e o motivo pole que se fai algo. Comunicar na aula.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	As linguas estranxeiras en Italia. O italiano e os dialectos
Contidos léxico-semánticos	O léxico das emocións
Contidos gramaticais	O Passato prossimo (repaso) e participios pasados irregulares. Verbos con preposicións seguidos de infinitivo: Provare a, cercare di... Conectivos causais: PER / PERCHÉ / SICCOME
Contidos fonéticos	Consonantes dobres <i>t, g, d e c</i>

Unidade didáctica 2

Tema: A INFANCIA	Come eravamo?
Temporalización	7 sesións (outubro - novembro)
Obxectivo	Saber falar de costumes e experiencias pasadas.
Actividade final	Facer un álbum en italiano de lembranzas de cada alumno.
Contidos funcionais	Falar da infancia. Describir aspecto físico e personalidade. Comparar entre o presente e o pasado
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Os anos sesenta. O milagre económico italiano. Os xogos da infancia
Contidos léxico-semánticos	Adxectivos para a descrición de aspectos físicos e forma de ser. Da piccolo / bambino / giovane
Contidos gramaticais	O imperfecto indicativo. Indicadores temporais do presente e do pasado. Contraste entre presente e pasado. O uso do imperfecto de indicativo na descrición
Contidos fonéticos	A posición do acento na conxugación do imperfecto

Unidade didáctica 3

Tema: A CASA	Nessun posto è come casa
Temporalización	7 sesións (novembro- decembro)
Obxectivo	Saber describir os distintos tipos de casas e saber comparar entre elas.
Actividade final	Proxectar e arredar a casa do futuro.
Contidos funcionais	Expresar intencionalidade e preferencias. Facer proxectos. Expresar e xustificar una elección.

	Expresar opinións (II).
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Tipos de vivenda (repasso). Arquitectura ecolóxica en Italia.
Contidos léxico-semánticos	Expresións de lugar. Mobles da casa e obxectos de decoración. Verbos usados para as tarefas domésticas.
Contidos gramaticais	O futuro simple (I). Essere / Esserci. Expresións de lugar. Ce l'ho/non ce l'ho.
Contidos fonéticos	Entonación: expresar sorpresa, decepción, impaciencia.

Unidade didáctica 4

Tema: FEITOS DO PASADO	Una vita da spettacolo
Temporalización	7 sesións (decembro- xaneiro)
Obxectivo	Saber falar de persoas o feitos do pasado. Contar anécdotas do pasado.
Actividade final	Preparar unha entrevista para despois escribir unha biografía.
Contidos funcionais	Dar e preguntar informacións sobre feitos do pasado. Poñer en relación feitos do pasado con la experiencia persoal. Contar anécdotas. Reaccionar o responder a unha información
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	O cine (Cinecittà), o teatro e la música en Italia. A mostra do cine de Venezia. O festival de San Remo.
Contidos léxico-semánticos	Expresións temporais para contar feitos do pasado. Expresións para responder o reaccionar a unha

	información ou unha anécdota: <i>Ma dai! Che peccato</i>
Contidos gramaticais	Pasado próximo / Imperfecto. Concordancia do participio pasado cos pronomes directos e con o pronome <i>ne</i> . Conectivos temporais causales: <i>perché, sicoome, mentre...</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Entoación: expresar e recoñecer estados de ánimo.

Unidade didáctica 5

Tema: PROTOCOLO E ETIQUETA	Volentieri!
Temporalización	6 sesións (xaneiro-febreiro).
Obxectivo	Coñecer e saber usar “le buone maniere” según as ocasións e as festas en Italia.
Actividade final	Posta en escena: os alumnos escenifican unha escena baseándose nunha trama.
Contidos funcionais	Pedir permiso e un favor a alguén. Saber ofrecer axuda. Felicitarse nas distintas ocasións.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A etiqueta en Italia. As festas e o galanteo.
Contidos léxico-semánticos	As expresións para aceptar o rexeitar con educación unha invitación, unha proposta, un favor: <i>Mi dispiace!, Volentieri!...</i> O léxico das festas.
Contidos gramaticais	O condicional presente de <i>prestare, dare, potere, volere</i> . Stare + xerundio. Pronomes directos e indirectos formais e informais
Contidos fonéticos	Pronuncia de <sc>, e <v> (repasso).

Segundo cuadrimestre (febreiro – maio)

Unidade didáctica 6

Tema: SAÚDE	Salute e benessere
Temporalización	7 sesións (febreiro - marzo)
Obxectivo	Saber expresar o estado físico e anímico. Saber intercambiar opinións e consellos sobre hábitos saudables.
Actividade final	Organizar un forum para dar consellos aos compañeiros.
Contidos funcionais	Falar de benestar e deporte. Preguntar e expresar sobre o estado de ánimo ou de saúde. Falar da súa propia saúde. Pedir ou dar consellos sobre a saúde.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Saúde e medicina. Sistema sanitario italiano. Expresión do estado físico e das emocións
Contidos léxico-semánticos	Partes do corpo. Adxectivos para expresar unha condición física. Enfermidades e trastornos. Emocións e estados de ánimo
Contidos gramaticais	Uso do conectivo <i>mentre</i> . O imperativo directo e indirecto. Algúns pronomes e adxectivos indefinidos. O condicional presente (II). Imperativo con pronomes
Contidos fonéticos	Entoación: dar consellos e instrucións

Unidade didáctica 7

Tema: TRABALLO	Il lavoro che fa per te
----------------	-------------------------

Temporalización	6 sesións (marzo – abril)
Obxectivo	Saber falar da formación académica e do traballo
Actividade final	Preparar un vídeo para presentarse como candidato a un posto de traballo.
Contidos funcionais	Preguntar e explicar en cosa consiste un traballo. Falar da propia experiencia profesional. Expoñer proxectos futuros. Definir os requisitos de un traballo
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	O traballo en Italia. Tipos de traballos e negocios artesanais en Italia
Contidos léxico-semánticos	Léxico relativo as profesións e ao Sistema educativo.
Contidos gramaticais	A formación dos nomes das profesións con -aio, -iere, -ista. Futuro simple e future anterior. Expresións de obriga bisogna/si deve/è necessario...+ infinito
Contidos fonéticos	Pronuncia do grafema <gl>. Consonantes dobres <i>n</i> e <i>m</i>

Unidade didáctica 8

Tema: VIAXES	Facciamo un giro?
Temporalización	6 sesións (maio)
Obxectivo	Saber falar de viaxes e do tempo atmosférico. Saber falar de proxectos e desexos futuros.
Actividade final	Organización dunha excursión para o fin de semana.
Contidos funcionais	Falar de viaxes e vacacións. Falar do tempo atmosférico. Falar de feitos no pasado. Expresar dúbida e certeza.

	Pedir e dar informacións estradais.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Itinerarios turísticos-culturais italianos. O ecoturismo en Italia. Festivais e festas en Italia.
Contidos léxico-semánticos	Viaxes: transportes, reservas, destinos turísticos. Tempo meteorolóxico. Maletas e equipaxes. Expresións de tempo para o futuro. Formas para propoñer: <i>ti va/ ti andrebbe di, hai voglia di..</i>
Contidos gramaticais	<i>Pensare di</i> + infinitive O futuro dos verbos en -care, -gare, -ciare e -giare. <i>Volerci</i> (referido ao tempo).
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Semivogais [j] e [w]. Diptongos. Consonante dobre r.

2.1.2.3. Criterios de avaliación

- Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.
- Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse

de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

- Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.
- Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.
- Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

2.1.2.4. Mínimos esixibles

Para poder acceder ao Nivel Intermedio B1 o alumnado demostrará que posee o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRESIÓN ORAL

Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas, agradecementos, etc.

Comprender o esencial en conversas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal (familia, traballo...), sempre que se fale con lentitude, articulando axeitadamente os sons, e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.

Comprender o interlocutor en transaccións moi básicas (por exemplo, mercar o xornal ou pedir un café), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado e que se poidan pedir aclaracións e repeticións.

Comprender instrucións básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves (por exemplo, na aula, para orientarse nunha cidade...), sempre que se poidan pedir aclaracións e repeticións.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes dunha comunicación telefónica moi sinxela (conversas ou mensaxes gravadas), sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir repeticións e aclaracións.

Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información en situacións de necesidade inmediata (avisos de perigo, horarios en estacións...).

Comprender textos sinxelos que relaten experiencias persoais, captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial de textos audiovisuais tales como partes meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén co apoio de imaxes ou con outro apoio documental.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL

Establecer contactos sociais moi breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura moi sinxela.

Presentarse e intercambiar información sobre si mesmo ou sobre outra persoa (nome, profesión, idade, residencia, relacións familiares, orixe, etc.).

Facer invitacións e propostas e reaccionar adecuadamente ante elas. Facer compras sinxelas dicindo o que se quere e preguntando o prezo.

Dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas e reaccionar adecuadamente ante elas. Falar de experiencias persoais e de actividades cotiáns de forma moi sinxela e breve.

Expresar de forma sinxela sentimentos e sensacións físicas frecuentes (fame, frío, calor, satisfacción, insatisfacción, afecto, etc.).

Expresar de forma sinxela gustos, preferencias e intereses.

Establecer contactos sociais breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura sinxela, adecuadas á situación e ao interlocutor.

Iniciar, manter e rematar unha conversa, tomar a palabra ou reclamar atención, utilizando expresións básicas.

Desenvolverse en transaccións e xestións cotiás (as viaxes, o aloxamento, as compras...).

Facerse entender nunha entrevista e poder dar nela información moi básica, ou intercambiar ideas sobre temas habituais.

Descibir de forma breve e sinxela persoas, lugares e obxectos en conversas informais en relación con asuntos cotiás.

Contar unha historia breve e sinxela, cun nivel moi básico de coherencia e cohesión.

Facer anuncios breves, sinxelos e previamente ensaiados, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo preguntas breves e sinxelas dos ouvintes se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expresar de forma sinxela a opinión sobre un tema coñecido, mostrando acordo ou desacordo.

Expoñer plans e facer hipóteses de forma breve e sinxela. en conversas informais en relación con asuntos cotiás.

COMPRENSIÓN DE LECTURA

Comprender textos que inclúan información persoal básica propia e doutras persoas, como formularios, carnés, etc.

Comprender instrucións breves e sinxelas, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender en notas persoais mensaxes breves que conteñan informacións, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos claramente

estruturados relacionados con temas da súa experiencia, por exemplo listaxes, horarios, páxinas amarelas, dicionarios, catálogos de prezos, guías de ocio, etc.

Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc.

Comprender instrucións, indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos en lugares públicos, por exemplo bibliotecas, centros de estudo, teatros, etc.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos relacionados con temas da súa experiencia, por exemplo revistas, guías de ocio, páxinas web, folletos ilustrados, etc.

Comprender correspondencia persoal breve e sinxela, por exemplo cartas, correos electrónicos, etc.

Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas, tales como a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedido, a reserva dun hotel, etc.

Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos, especialmente se contan con apoio visual.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA

Completar un cuestionario, formulario ou impreso con informacións persoais básicas: nome, nacionalidade, idade, etc.

Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información transmitida oralmente, sempre que poida pedir que lle repitan ou reformulen a información.

Escribir anuncios sinxelos, notas ou mensaxes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade, por exemplo listas de tarefas, listas de compras, etc.

Escribir correspondencia persoal moi breve e sinxela, como por exemplo postais, felicitacións, correos electrónicos, etc., sobre temas da vida cotiá.

Dar informacións sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses, por exemplo redactar un currículum vitae esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc.

Describir de xeito sinxelo lugares, obxectos e persoas.

Narrar e describir de forma sinxela e breve feitos e experiencias así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns como a familia, as condicións de vida, a formación, o traballo, etc.

Escribir correspondencia persoal breve e sinxela, como por exemplo cartas, correos electrónicos, postais, etc., na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.

Escribir correspondencia formal sinxela e breve na que se solicite un servizo ou se pida información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

2.2. NIVEL INTERMEDIO

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás

(traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuente

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

B1	B2
Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as	Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera

<p>condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.</p> <p>Producir e coproducir descricións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.</p> <p>Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou doseu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.</p> <p>Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación, propósito comunicativo) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se</p>	<p>canle.</p> <p>Producir e coproducir descricións de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.</p> <p>Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.</p> <p>Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade,</p>
---	--

<p>expliquen plans.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.</p>	<p>mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (rexistro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.</p>
--	---

B1	B2
<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	
<p>Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.</p> <p>Comprender mensaxes e anuncios, ben estruturados en lingua estándar, que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade expresadas en linguaxe habitual .</p> <p>Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.</p> <p>Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con</p>	<p>Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con certas limitacións para captar a ironía e o humor.</p> <p>Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.</p> <p>Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.</p> <p>Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.</p> <p>Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de</p>

<p>certa lentitude e claridade.</p> <p>Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.</p>	<p>comunicación.</p> <p>Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico o unha área profesional da súa especialidade.</p>
--	---

B1	B2
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	
<p>Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.</p> <p>Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.</p> <p>Dar información xeral sobre un asunto de saúde.</p> <p>Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).</p> <p>Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.</p> <p>Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre as diferentes formas de pagamento.</p> <p>Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.</p> <p>Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode respondera preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.</p>	<p>Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.</p> <p>Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.</p> <p>Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.</p> <p>Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.</p> <p>Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...</p> <p>Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.</p> <p>Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.</p> <p>Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo</p>

	experiencias, feitos etc.
--	---------------------------

B1	B2
Actividades de comprensión de textos escritos	
<p>Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos sinxelos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.</p> <p>Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.</p> <p>Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.</p> <p>Comprender descripcións claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.</p> <p>Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.</p> <p>Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.</p>	<p>Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.</p> <p>Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.</p> <p>Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.</p> <p>Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.</p> <p>Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.</p> <p>Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.</p>

B1	B2
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	
<p>Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.</p> <p>Cubrir impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por</p>	<p>Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.</p> <p>Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre</p>

<p>exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.</p> <p>Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.</p> <p>Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.</p> <p>Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.</p> <p>Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.</p>	<p>asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.</p> <p>Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.</p> <p>Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.</p> <p>Descibir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.</p> <p>Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.</p> <p>Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.</p>
---	--

B1	B2
Actividades de mediación	
<p>Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte.</p>	<p>Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.</p> <p>Sintetizar e transmitir por escrito a</p>

<p>Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.</p> <p>Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional</p>	<p>terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.</p>
--	--

Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

Socioculturais e sociolingüísticos	Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.	
	B1	B2
	Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.	Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

Estratéxicos	Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas
--------------	--

actividades de lingua.	
B1	B2
<p>1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. - Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo. - Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...). - Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. - Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...) - Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. - Relacionar a información nova con coñecementos previos. - Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. - Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. <p>2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...;informarse se hai axudas visuais etc. - Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. - Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. - Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...). - Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...). - Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e 	

experiencias.

- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa, etc.

Funcionais	Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.	
	B1	B2
	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desculpase por algo e reaccionar ante a desculpa. - Escribir notas de agradecemento e desculpa. - Presentarse e presentar a outras persoas. - Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. - Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión. - Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. - Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo. - Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento. - Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico. - Relatar accións e circunstancias pasadas. - Dar e pedir información sobre sucesos pasados. 	<p>Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. - Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos. - Redactar textos de ámbito académico. - Entender e aventurar un diagnóstico simple. - Desenvolverse con soltura nun comercio. - Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. - Construír argumentos razoados. - Comparar e contrastar alternativas. - Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas. - Sintetizar unha información. - Especular sobre causas e consecuencias. - Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes. - Expresar hipóteses e posibilidades no pasado. - Recoñecer o grao de formalidade de

<ul style="list-style-type: none"> - Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida. - Solicitar información sobre servizos. Coñecemento, opinións e valoracións: - Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo. - Expresar gustos, afeccións, teimas etc. - Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. - Explicar un síntoma dunha enfermidade. - Falar do futuro e facer hipóteses. - Pedir e ofrecer consellos e recomendacións. - Explicar un problema de xeito sinxelo. - Protestar e reclamar por un servizo. - Dar e pedir información con distintos graos de seguridade. <p>Organización do discurso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir, tomar e ceder a palabra. - Reaccionar e cooperar na interacción. - Introducir un tema en situacións formais e informais. - Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema. - Enunciar o peche do discurso e pechalo. - Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexa. 	<p>diferentes textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística... <p>Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Poñer condicións para unha acción futura. - Negociar un acordo. - Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda. - Expresar intención ou vontade. <p>Usos directivos, teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir opinións sobre algo ou alguén. - Facer correccións, aclaracións, rectificacións, etc. - Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo. - Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos. <p>Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participar, de xeito apropiado, en diferentes tipos de situacións sociais. - Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...) <p>Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado. - Expresar dúbidas. - Presentar unha queixa ou reclamación. - Mostrar sorpresa e admiración. - Describir cambios de personalidade. - Discutir sobre a información recibida.
---	--

	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	B1	B2
Discursivos	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Instrucións e indicacións - Conversas formais e informais - Debates e discusións formais - Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas... - Enquisas - Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado - Presentacións - Cancións - Representacións teatrais <p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios e anuncios por palabras - Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes... - Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas... - Informes, resumos e esquemas - Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro... - Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas - Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias... - Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais... - Catálogos 	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Instrucións e indicacións - Conversas formais e informais - Debates e discusións formais - Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas... - Enquisas - Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado - Presentacións - Cancións - Representacións teatrais <p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios e anuncios por palabras - Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes... - Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas... - Informes, resumos e esquemas - Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro... - Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas - Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias... - Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais... - Catálogos

- Manuais de instrucións - Guións - Currículo - Dicionarios - Prospectos - Receitas de cociña - Adiviñas - Biografías	- Manuais de instrucións - Guións - Currículo - Dicionarios - Prospectos - Receitas de cociña - Adiviñas - Biografías
--	--

Sintácticos	Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.	
	B1	B2
	<ul style="list-style-type: none"> - Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo - Posición e gradación do adxectivo. A comparación - Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento - Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores - Posición e concordancia dos elementos da oración - Uso da impersonalidade - Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes - Uso do imperativo afirmativo e negativo - O aspecto. Incoativo, durativo - O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición - O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto - Réxime preposicional con verbos frecuentes - Adverbios. Usos e formas máis 	<ul style="list-style-type: none"> - Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo - Posición e gradación do adxectivo. A comparación - Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento - Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores - Posición e concordancia dos elementos da oración - Uso da impersonalidade - Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes - Uso do imperativo afirmativo e negativo - O aspecto. Incoativo, durativo - O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición - O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto - Réxime preposicional con verbos frecuentes

	<p>frecuentes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais - Posición e concordancia dos elementos oracionais - Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal - Oración composta. Coordinación - Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais - Correlación temporal nas oracións - Uso de conectores propios do nivel - Gramática textual. <p>Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adverbios. Usos e formas máis frecuentes - Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais - Posición e concordancia dos elementos oracionais - Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal - Oración composta. Coordinación - Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais - Correlación temporal nas oracións - Uso de conectores propios do nivel - Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos.
--	---	--

Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p>	
	B1	B2
<ul style="list-style-type: none"> - Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas... - Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria... - Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía... - Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación... - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais... - Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos... - Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións... - Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet.... 		

- Política e sociedade: institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p>	
	B1	B2
<p>Fonético-fonolóxicos</p> <p>Ortotipográficos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Os fonemas que presentan maior dificultade. - A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación. - A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. - A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos. - O recoñecemento e uso das formas ortográficas. - O uso especial de maiúsculas e minúsculas. - As siglas e abreviaturas de uso frecuente. - Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...). 	

Criterios de avaliación

B1	B2
Actividades de comprensión de textos orais	
<p>Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.</p> <p>Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e benestruturada.</p> <p>Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.</p> <p>Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se tratan temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.</p> <p>Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.</p> <p>Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir</p>	<p>Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.</p> <p>Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, queo discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.</p> <p>Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.</p> <p>Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...</p>

do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.	
--	--

B1	B2
Actividades de produción e coprodución de textos orais	
<p>Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.</p> <p>Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.</p> <p>Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.</p> <p>Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.</p> <p>Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.</p> <p>Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis,</p>	<p>Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.</p> <p>Desenvólvese en transaccións da vida cotiá - aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.</p> <p>Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.</p> <p>Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.</p> <p>Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.</p>

<p>transportes, restaurantes...).</p> <p>Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.</p> <p>Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia - sempre que non interrompan a comunicación - e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p>	<p>Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.</p> <p>Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.</p> <p>Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.</p>
--	---

B1	B2
Actividades de comprensión de textos escritos	
<p>Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.</p> <p>Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.</p> <p>Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar,</p>	<p>Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.</p> <p>Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.</p> <p>Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os</p>

<p>por exemplo, unha exposición.</p> <p>Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.</p> <p>Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p>	<p>argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.</p> <p>Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.</p>
--	---

B1	B2
<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	
<p>Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias-solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.</p> <p>Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.</p> <p>Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.</p> <p>Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.</p> <p>Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha</p>	<p>Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.</p> <p>Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.</p> <p>Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.</p> <p>Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo</p>

<p>actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p> <p>Utiliza, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p>	<p>argumentos tanto a favor como en contra.</p> <p>Escrebe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.</p> <p>Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais mais habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.</p>
---	--

B1	B2
Actividades de mediación	
<p>Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> <p>Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solícítala con anterioridade para tela dispoñible.</p> <p>Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con</p>	<p>Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.</p> <p>Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.</p> <p>Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias.</p> <p>Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa</p>

claridade e eficacia.	de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.
-----------------------	--

2.2.1. NIVEL INTERMEDIO B1

2.2.1.1. Obxectivos específicos

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender as principais ideas dunha conversa ou discusión articuladas con claridade e en lingua estándar nas que se traten temas cotiáns relacionados co traballo, a escola, o tempo de lecer.
- Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións sinxelas e breves sobre temas cotiáns sempre que se desenvolvan cunha pronuncia estándar e clara.
- Captar as ideas principais de textos audiovisuais e outro material gravado sinxelo que traten temas cotiáns cando se articulen con relativa lentitude e claridade.
- Comprender información técnica sinxela como, por exemplo, instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, por exemplo, axudarse dos acenos, da entoación, dos coñecementos de outras linguas; extrapolar do contexto o significado de termos descoñecidos e deducir o significado das oracións, sempre que sexan temas do seu interese e relacionados coa súa especialidade.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Iniciar, manter e terminar conversas e discusións sinxelas cara a cara sobre temas cotiáns, de interese persoal e que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, viaxes...).
- Ofrecer e convidar a outros a expresar puntos de vista e opinións persoais en discusións informais sobre temas de interese.
- Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras; intercambiar, comprobar e confirmar información con certo detalle.
- Participar en discusións informais que supoñen un intercambio de información

sobre feitos concretos ou nas que se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos no ámbito cotián e sempre que se fale con claridade e na lingua estándar.

- Realizar descrições sinxelas sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares, dentro do seu campo de interese.
- Expresar crenzas, opinións, acordos e desacordos en conversas informais.
- Facer declaracións públicas, breves e ensaiadas que, malia un acento e entoación inconfundibelmente estranxeiros, son claramente intelixíbeis.
- Realizar entrevistas preparadas, comprobando e confirmando a información, aínda que precise de repeticións se a resposta da outra persoa é rápida e extensa.
- Empregar estratexias para iniciar, manter e rematar unha conversa ou unha discusión.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Atopar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián, como poden ser cartas, catálogos e documentos oficiais breves.
- Ler textos sinxelos sobre feitos concretos que tratan sobre temas relacionados co seu campo de interese, cun nivel de comprensión satisfactorio.
- Comprender a descrición de feitos, sentimentos e desexos que aparecen en cartas persoais.
- Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e coa axuda de soporte visual.
- Recoñecer ideas significativas de artigos de xornal sinxelos que tratan temas cotiáns.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, por exemplo, extrapolar do contexto o significado de termos descoñecidos e deducir o significado das oracións, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.


EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Escribir notas que transmiten información sinxela de carácter inmediato nas que resaltan os aspectos que lle resultan importantes.

- Escribir textos sinxelos e cohesionados sobre unha serie de temas cotiáns dentro do seu campo de interese enlazando unha serie de distintos elementos breves.
- Escribir redaccións curtas e sinxelas sobre temas de interese ou un feito determinado.
- Escribir informes moi breves en formato convencional con información sobre feitos habituais e os motivos de certas accións.
- Tomar notas, facendo unha lista dos aspectos importantes durante unha conferencia sinxela, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.
- Resumir textos impresos breves sobre asuntos cotiáns.
- Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñible e limitando a mensaxe ao que se lembra ou aos medios de que se dispón para expresarse.

2.2.1.2. Contidos e secuenciación

Para o curso de Intermedio B1 empregamos como libro de texto o método comunicativo de Marín, Telis e Diadori, Pierangela: *Via del corso B1, corso di italiano per stranieri*, Edilingua Edizioni 2019.

	<p><i>Via del corso B1, corso di italiano per stranieri</i></p> <p>Marín, Telis e Diadori, Pierangela</p> <p>Editorial Edinumen</p> <p>Edición 2019</p> <p>ISBN 9788899358778</p>
---	--

Coas 12 unidades temáticas deste método de ensino da lingua italiana desenvolveremos os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 191/2007 polo que se establece a

ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.

Os obxectivos e contidos do Intermedio B1 desenvolveranse partindo das seguintes unidades didácticas temáticas:

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
Unidade 1: <i>Un segreto per due!</i>	Unidade 7: <i>L'ultimo esame</i>
Unidade 2: <i>Cambiamenti in vista</i>	Unidade 8: <i>Italia da esportare</i>
Unidade 3: <i>Un nuovo lavoro</i>	Unidade 9: <i>Un incontro</i>
Unidade 4: <i>A lezione d'italiano</i>	Unidade 10: <i>Città o campagna?</i>
Unidade 5: <i>Vivere a Venezia</i>	Unidade 11: <i>Il dilemma</i>
Unidade 6: <i>È un capolavoro</i>	Unidade 12: <i>In pericolo</i>

Contidos para o primeiro cuadrimestre do curso intermedio B1

Socioculturais e sociolingüísticos

- As festas populares italianas.
- Os pratos italianos.
- Traballo e profesións en Italia.
- Orixe e difusión da lingua italiana.
- A cidade de Venezia.
- Arte e museos.

Funcionais

- Presentarse e presentar outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.
- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.

- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.
- Expresar acordo e desacordo.
- Expresar a dúbida.
- Pedir algo prestado.
- Relatar accións e circunstancias pasadas: contar un accidente cultural ou lingüístico.
- Expresar a opinión.
- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Solicitar información sobre servizos e pedir axuda.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Protestar e reclamar por un servizo, preguntar a causa.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade, insistir.
- Expresar unha preferencia.
- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.
- Desculparse por algo, reaccionar ante a desculpa, xustificarse e botar a culpa.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Reaccionar e cooperar na interacción.

Sintácticos

- Conxuncións coordinantes máis usuais.
- Correlación temporal nas oracións: o passato prossimo (repaso), o passato próximo cos verbos modais, o imperfecto indicativo (repaso), conxuncións (mentre, durante, finalmente, all'inizio, alla fine, quindi, però, quando, allora, perché e siccome), stare per + infinitivo.
- A correlación temporal nas oracións: forma e uso do trapassato prossimo e prima di + infinitivo.
- O pronome relativo QUALE.
- Pronomes: os pronomes combinados.
- Uso do imperativo afirmativo e negativo (repaso).
- Os pronomes posesivos.
- O modo: a expresión do desexo. O condicional simple (repaso) e o condicional composto.
- As partículas CI e NE.
- Conectivos (repaso e aprofundimento): siccome, e, mentre, oppure, ma, perché, anche

se, quando, infatti, se, poiché, quindi, o, perciò, né, inoltre, come.

Léxicos

- Relacións humanas e sociais: sociedade e festas.
- Alimentación e cociña italiana
- Traballo: profesións e títulos de estudo.
- Educación: a aprendizaxe de linguas.
- Viaxes e transportes: falar dunha cidade italiana.
- Tempo de lecer: arte

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- As consoantes dobres.
- Os fonemas que presenten maior dificultade.
- Ritmo e entoación.

Contidos para o primeiro cuadrimestre do curso intermedio B1

Socioculturais e sociolingüísticos

- O sistema educativo en Italia.
- Os produtos que Italia esporta (o made in Italy).
- Autores da literatura italiana.
- Natureza e urbanidade.
- A comunicación.
- Estereotipos ou falsos mitos.

Funcionais

- Desculparse por algo, reaccionar ante a desculpa, xustificarse e botar a culpa.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Expresar sensacións e percepcións: medo.
- Protestar e reclamar por un servizo.

- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.
 - Pedir, tomar e ceder a palabra.
 - Reaccionar e cooperar na interacción.
 - Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.
 - Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación: ofrecer axuda e dispoñibilidade.
 - Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
 - Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade: dar unha explicación, facer comparacións.
- Pedir, tomar e ceder a palabra: iniciar unha conversa telefónica.
 - Reaccionar e cooperar na interacción: preguntar por unha persoa, sinalar un erro.
 - Enunciar o peche do discurso e pechalo.
 - Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan: expresarse de xeito adecuado ao medio de comunicación.
 - Relatar accións e circunstancias pasadas.
 - Contar a trama dun libro ou dunha película de xeito sinxelo.
 - Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
 - Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
 - Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.
 - Pedir e ofrecer consellos e recomendacións, suxerir.
 - Expresar interese, desinterese e preferencia.
 - Reaccionar e cooperar na interacción: argumentar, confirmar e pedir confirmación, motivar.

Sintácticos

- O tempo subxuntivo: presente e pasado.
- A expresión da condición.
- A expresión da dúbida.
- Os adverbios en –mente.
- Os conectivos a patto che / a condizione che / purché + subxuntivo.
- Os conectivos de resultado: dunque, perciò, quindi.
- O discurso referido: o estilo directo e o estilo indirecto.
- O imperfecto de subxuntivo: formas e uso para facer comparacións.

- O pretérito perfecto simple.
- O presente histórico.
- Adverbios de tempo: prima, dopo...
- Correlación dos tempos e dos modos: pretérito perfecto simple e imperfecto indicativo.
- A forma pasiva con essere e venire.

Léxicos

- Educación: o sistema educativo
- Actividades económicas e comerciais: o comercio.
- Tempo de lecer: literatura.
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, problemas ambientais da cidade, natureza e xeografía.
- Tecnoloxías da comunicación (teléfono, correo electrónico, internet).
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio.
- A xestualidade italiana.
- Sociedade: estereotipos

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- Ritmo e entoación.
- O apócope.
- Grupos consonánticos e a intensificación consonántica.
- A división silábica.

Secuencia dos contidos en unidades didácticas

Unidade didáctica 0: avaliación inicial

Actividade	Obxectivo	Temporalización
Avaliación inicial	Avaliación dos coñecementos do nivel A1 / A2 e avaliación da produción oral e escrita. Repaso dos contidos máis importantes de A2.	3 sesións

Primeiro cuadrimestre (setembro – xaneiro)

Unidade didáctica 1

Tema: FESTE POPOLARI ITALIANE	Un segreto per due
Temporalización	6 sesións (ata o 11 de outubro)
Obxectivo	Falar das festas da propia cidade usando o pasado.
Actividade final	Os alumnos contan nun blog a última vez que foron a unha festa da súa vila ou cidade.
Contidos funcionais	Falar das festas dunha vila. Expressar relación temporais usando o pasado. Xustificarse.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	As festas populares italianas
Contidos léxico-semánticos	Léxico relativo ás festas. Repaso do léxico do nivel A2.
Contidos gramaticais	A correlación temporal nas oracións: repaso do uso do <i>passato prossimo</i> e do <i>imperfetto</i> , forma e uso do <i>trapassato prossimo</i> . Expresións do tempo (<i>poi, più tardi, nel pomeriggio...</i>).
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O recoñecemento e uso das formas ortográficas.

Unidade didáctica 2

Tema: REGIONE CHE VAI, PIATTO CHE PROVI	Cambiamenti in vista
Temporalización	6 sesións (ata o 6 de novembro)
Obxectivo	Expressar e intercambiar opinións sobre pratos. Falar de cociña italiana. Saber explicar unha receita
Actividade final	Facer unha presentación na clase: escoller unha rexión italiana, explicar como se fai un prato típico desa rexión

	e falar tamén dos pratos italianos preferidos.
Contidos funcionais	Falar dos propios gustos en relación coa comida. Expresar preferencia. Describir a preparación dunha receita de maneira clara. Expresar un desexo. Dar consellos. Facer hipóteses. Referir unha noticia.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A cociña italiana e as súas receitas
Contidos léxico-semánticos	Ingredientes para cociñar. Pratos italianos: receitas e utensilios de cociña.
Contidos gramaticais	Condicional simple e usos. Conxuncións coordinantes máis usuais (<i>mentre, durante, finalmente, all'inizio, alla fine, quindi, però, quando, allora, perché</i> e <i>siccome</i>), stare per + infinitivo.
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	As consoantes dobres

Unidade didáctica 3

Tema: LAVORO E PROFESSIONI	Un nuovo lavoro
Temporalización	5 sesións (ata o 22 de novembro)
Obxectivo	Falar do propio traballo. Facer una entrevista de traballo
Actividade final	Posta en escena dunha entrevista de traballo.
Contidos funcionais	Falar das profesións. Dar unha orde educadamente. Falar das propias capacidades.

	<p>Pedir opinións sobre algo ou alguén.</p> <p>Expresar dúbidas</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>Busca de ofertas de emprego na sociedade dixital.</p> <p>Como actuar nunha entrevista de traballo.</p>
Contidos léxico-semánticos	<p>Profesións.</p> <p>Anuncios de traballos.</p> <p>Títulos de estudio.</p> <p>Curriculum Vitae.</p> <p>Entrevista de traballo.</p>
Contidos gramaticais	<p>Pronomi combinati.</p> <p>Uso do imperativo afirmativo (repaso) e negativo.</p> <p>O imperativo cos pronombres.</p>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	<p>Repaso de fonemas que presentan dificultade: <z> e <zz>, pronuncia do grafema <gl>, diferenza entre [b] e [v].</p>

Unidade didáctica 4

Tema: LA LINGUA ITALIANA	A lezione d'italiano
Temporalización	5 sesións (ata o 13 de decembro)
Obxectivo	Falar do estudio das linguas
Actividade final	Facer un test a un compañeiro e despois presentar xuntos na clase “a mellor maneira para estudar unha lingua” (<i>test: cosa fai per imparare una lingua?</i>).
Contidos funcionais	Facer una suposición. Falar de erros lingüísticos. Manifestar una dificultade.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>Usos e costumes da cultura italiana estudada en contraste coa propia (<i>parolacce</i>).</p> <p>Orixe e difusión da lingua italiana.</p>
Contidos léxico-semánticos	Os estranxeirismos. Linguas estranxeiras.

Contidos gramaticais	Os pronomes posesivos. <i>O futuro semplice e o futuro anteriore. Pronomi combinati</i> nos tempos compostos.
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O ritmo e a entoación

Unidade didáctica 5

Tema: VACANZE	Venezia
Temporalización	5 sesións (ata o 17 de xaneiro)
Obxectivo	Presentar un itinerario turístico e descritivo sobre unha cidade. Falar de viaxes.
Actividade final	<i>I luoghi del cuore</i> : exposición na clase sobre algunha rexión ou cidade italiana proponendo un itinerario.
Contidos funcionais	Sopesar vantaxes e desvantaxes. Referir o contido dunha postal, dun correo email ou dunha información turística. Falar do <i>Canevale</i> de Venezia. Preguntar e explicar o motivo. Falar do tempo meteorolóxico (repaso).
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A vida cotiá na cidade, os servizos públicos, viaxes e entretemento. Vacacións e costumes dos italiáns. O carnaval de <i>Venezia</i> .
Contidos léxico-semánticos	Xeografía de Italia, rexións, cidades, <i>capoluogo</i> e lugares de referencia. Consellos de viaxe.
Contidos gramaticais	Os pronomes relativos: <i>che, il/la, quale, cui</i> .
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. A puntuación (coma, punto, punto e coma....).

Segundo cuadrimestre (febreiro – maio)

Unidade didáctica 6

Tema: ARTE E MUSEI	Un capolavoro
Temporalización	5 sesións (ata o 5 de febreiro)
Obxectivo	Falar dunha obra de arte
Actividade final	Facer unha presentación sobre un museo de arte italiano ou sobre unha obra de arte.
Contidos funcionais	Falar do arte italiano. Expresar sorpresa. Resaltar unha idea ou información. Facer unha hipótese referida ao pasado. Eloxiar. Expresar futuro no pasado.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Patrimonio artístico italiano: obras de arte e artistas italianos. Historia e cultura italiana: o <i>Rinascimento</i> . Proverbios italianos.
Contidos léxico-semánticos	Actividades artísticas: escultura, pintura. Os museos de arte.
Contidos gramaticais	<i>Condizionale passato</i> : formas e usos. Concordancia dos tempos ao indicativo.
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Repaso da pronuncia dos grafemas <c>, <ch>, <sc>

Unidade didáctica 7

Tema: SISTEMA SCOLASTICO ITALIANO	L'ultimo esame
Temporalización	6 sesións (ata o 26 de febreiro)
Obxectivo	Falar da escola e da universidade e das lembranzas da infancia na escola.
Actividade final	En grupos: contar lembranzas e anécdotas da escola e

	dos profesores.
Contidos funcionais	Expresar unha causa e unha consecuencia. Falar dos percorridos educativos e formativos.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	O sistema educativo italiano.
Contidos léxico-semánticos	O sistema educativo. Facultade e universidade.
Contidos gramaticais	A forma impersonal. A forma impersonal con verbos reflexivos. Adxectivos e pronomes indefinidos (<i>qualche, qualcuno, nessuno, certo...</i>).
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Entoación interrogativa e exclamativa

Unidade didáctica 8

Tema: IL MADE IN ITALY	Italia da esportare
Temporalización	5 sesións (ata o 13 de marzo)
Obxectivo	Falar dun produto e comparalo con outro.
Actividade final	Actividade en parellas: realizar un anuncio dun produto italiano.
Contidos funcionais	Falar dos produtos de exportación. Describir e comparar produtos. Facer a publicidade dun produto. Expresar unha opinión. Falar dunha empresa e da súa historia. Falar do <i>made in Italy</i> .
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Os produtos italianos que Italia esporta.
Contidos léxico-semánticos	Produtos e marcas italianas. O comercio
Contidos gramaticais	As preposicións in, a, da e di para describir obxectos.

	A comparación. Comparativos e superlativos particulares.
Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O apócope

Unidade didáctica 9

Tema: LETTURA E TEMPO LIBERO	Un incontro
Temporalización	5 sesións (ata o 10 de abril)
Obxectivo	Falar das preferencias en literatura e expoñer os motivos
Actividade final	Escribir unha crítica dun libro de forma sinxela
Contidos funcionais	Contar a trama e a propia opinión dun libro de xeito sinxelo. Pedir e ofrecer consellos e recomendacións, suxerir. Expresar interese, desinterese e preferencia.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Algunhas figuras da literatura italiana: Dante, Manzoni, Collodi, Umberto Eco, Dario Fo, Elena Ferrante, Andrea Camilleri, Licia Troisi, Donato Carrisi, Fabio Volo...
Contidos léxico-semánticos	Tempo libre: actividades de lecer e culturais. Xéneros literarios. Actividades artísticas: literatura.
Contidos gramaticais	O <i>congiuntivo</i> presente: formas e usos. O presente histórico.
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Grupos consonánticos e a intensificación consonántica.

Unidade didáctica 10

Tema: ARTE, NATURA, CANALI E COLLINE	Città o campagna?
--------------------------------------	--------------------------

Temporalización	4 sesións (ata o 24 de abril)
Obxectivo	Falar de asuntos relacionados coa vida cotiá (a vida no campo e na cidade), expresando opinións e sentimentos.
Actividade final	En parellas: escribir una carta presentando algúns problemas e as solucións para que a propia cidade sexa máis ecolóxica.
Contidos funcionais	Falar de cuestión ambientais. Expresar a causa dunha acción. Expoñer os pros e os contras dunha cousa. Falar da reciclaxe.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Condicións de vida: transporte, a vida na cidade e no campo.
Contidos léxico-semánticos	Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, problemas ambientais da cidade, natureza e xeografía. Ecoloxía.
Contidos gramaticais	Conectivos (repaso e aprofundimento): <i>siccome, e, mentre, oppure, ma, perché, anche se, quando, infatti, se, poiché, quindi, o, perciò, né, inoltre, come</i> . Locucións preposicionais: <i>a causa di, In confronto a, in base a...</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Semivogais [j] e [w]. Ditongos

Unidade didáctica 11

Tema: I CANALI DI COMUNICAZIONE	Il dilemma
Temporalización	5 sesións (ata o 15 de maio)
Obxectivo	Falar da información e da desinformación
Actividade final	Traballo en grupo: despois dunha busca nos xornais contar varias noticias aos compañeiros que terán que descubrir a <i>fake new</i> .
Contidos funcionais	Expresar una dúbida.

	<p>Expresar un obxectivo, una opinión, un desexo, una esperanza.</p> <p>Referir una noticia que non é certa</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A xesticulación
Contidos léxico-semánticos	<p>Redes sociais. Xornais e revistas. <i>Fake news</i>.</p> <p>Tipos de artigos.</p>
Contidos gramaticais	O congiuntivo passato
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A estrutura silábica

Unidade didáctica 12

Tema: STEREOTIPI	In periculo
Temporalización	4 sesións (ata o 29 de maio)
Obxectivo	Falar dos estereotipos da propia e doutras culturas
Actividade final	Actividade en grupo: exponer e describir na clase os estereotipos dos casteláns, dos galegos, dos cataláns, dos andaluces, dos vascos... tópicos falsos o verdadeiros? (debate).
Contidos funcionais	<p>Falar de estereotipos. Expresar intención.</p> <p>Describir comportamentos e formas de ser.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Estereotipos ou falsos mitos?
Contidos léxico-semánticos	Comportamentos e estilos de vida. Adxectivos para describir o comportamento dunha persoa.
Contidos gramaticais	<p><i>Cogiuntivo dubitativo.</i></p> <p><i>Congiuntivo vs Indicativo.</i></p> <p><i>Bisogna + congiuntivo</i></p> <p>Usos do <i>congiuntivo</i> (repaso).</p>
Contidos fonéticos,	O uso de maiúsculas e minúsculas

fonolóxicos ortotipográficos	e	
---------------------------------	---	--

2.2.1.3. Criterios de avaliación

- Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.
- Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.
- Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.
- Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.
- Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.
- Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.
- Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.
- Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.

- Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.
- Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.
- Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.
- Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).
- Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.
- Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia - sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
- Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.
- Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.
- Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.
- Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.
- Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgúns

palabras e expresións que descoñece.

- Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.
- Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.
- Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.
- Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.
- Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.
- Utiliza, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
- Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos).
- Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.
- Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solícitaa con anterioridade para tela dispoñible.
- Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

2.2.1.4. Mínimos esixibles

Para poder acceder ao Nivel B2.1 as alumnas e os alumnos demostrarán que posúen o

grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRENSIÓN ORAL

Comprender as principais ideas dunha conversa ou discusión articuladas con claridade e en lingua estándar nas que se traten temas cotiáns relacionados co traballo, a escola, o tempo de lecer.

Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións sinxelas e breves sobre temas cotiáns sempre que se desenvolvan cunha pronuncia estándar e clara.

Captar as ideas principais de textos audiovisuais e outro material gravado sinxelo que traten temas cotiáns cando se articulen con relativa lentitude e claridade.

Comprender información técnica sinxela como, por exemplo, instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL

Iniciar, manter e terminar conversas e discusións sinxelas cara a cara sobre temas cotiáns, de interese persoal e que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, viaxes...).

Ofrecer e convidar a outros a expresar puntos de vista e opinións persoais en discusións informais sobre temas de interese.

Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras; intercambiar, comprobar e confirmar información con certo detalle.

Participar en discusións informais que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas que se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos no ámbito cotián e sempre que se fale con claridade e na lingua estándar.

Realizar descrições sinxelas sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares, dentro do seu campo de interese.

Expresar crenzas, opinións, acordos e desacordos en conversas informais.

Facer declaracións públicas, breves e ensaiadas que, malia un acento e entoación inconfundibelmente estranxeiros, son claramente intelixíbeis.

Realizar entrevistas preparadas, comprobando e confirmando a información, aínda que pode que esporadicamente teña que pedir que lle repitan o dito se a resposta da outra

persoa é rápida e extensa.

COMPRESIÓN DE LECTURA

Atopar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián, como poden ser cartas, catálogos e documentos oficiais breves.

Ler textos sinxelos sobre feitos concretos que tratan sobre temas relacionados co seu campo de interese, cun nivel de comprensión satisfactorio.

Comprender a descrición de feitos, sentimentos e desexos que aparecen en cartas persoais.

Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e coa axuda de soporte visual.

Recoñecer ideas significativas de artigos de xornal sinxelos que tratan temas cotiáns.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA

Escribir notas que transmiten información sinxela de carácter inmediato nas que resaltan os aspectos que lle resultan importantes.

Escribir textos sinxelos e cohesionados sobre unha serie de temas cotiáns dentro do seu campo de interese enlazando unha serie de distintos elementos breves.

Escribir redaccións curtas e sinxelas sobre temas de interese ou un feito determinado.

Escribir informes moi breves en formato convencional con información sobre feitos habituais e os motivos de certas accións.

Tomar notas, facendo unha lista dos aspectos importantes durante unha conferencia sinxela, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Resumir textos impresos breves sobre asuntos cotiáns.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimoniais, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos

máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

2.2.2. NIVEL INTERMEDIO B2.2

2.2.2.1. Obxectivos específicos

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender as ideas principais de textos dos ámbitos académico, público e profesional dentro da propia área de coñecemento, desenvolvidos en lingua estándar e articulados a velocidade normal, de certa complexidade lingüística e con marcadores discursivos explícitos.
- Comprender as ideas principais e as específicas moi relevantes dunha gama ampla de textos audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.
- Comprender a maior parte do que se lle di directamente en conversacións e transaccións en lingua estándar e lingüisticamente complexas.
- Comprender o esencial de textos orais de carácter instrutivo, mensaxes e avisos detallados, lingüisticamente complexos e emitidos en lingua estándar.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Falar en público en intervencións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, achegando descrições e argumentos, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, e respondendo a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non retraia a intervención dos interlocutores.
- Participar en conversas formais e informais, iniciando, mantendo e rematando a interacción adecuadamente, expresando e defendendo con certa precisión as súas opinións, proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados, e avaliando propostas alternativas.
- Colaborar para lograr un obxectivo, esbozando un asunto ou un problema cun bo

grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos, especulando sobre causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques.

- Participar nunha entrevista con fluidez e naturalidade achegando información complementaria, con pouca axuda ou obténdoa do seu interlocutor malia algúns erros que non interfiren na comunicación.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender a información específica de textos instrutivos de carácter xeral e riqueza léxica, e sobre temas da propia especialidade que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas moi frecuentes no campo de especialización de que se trate, sempre que poida reler ou usar materiais que axuden a realizar unha interpretación correcta.
- Ler de forma autónoma informes, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica relativos a temas actuais e nos que os autores adoptan posturas e puntos de vista concretos.
- Ler textos relativos á interacción social persoal ou profesional, captando o sentido esencial de xeito que lle permita reaccionar adecuadamente.
- Utilizar estratexias variadas que faciliten a comprensión, superando as limitacións dos recursos lingüísticos propios.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Escribir textos de diversa extensión relacionados con temas propios dos ámbitos persoal, público, educativo e profesional, salientando os aspectos importantes e expresando as propias opinións claramente e con razoable precisión.
- Escribir textos breves e precisos que conteñan abreviadamente o esencial de textos propios dos ámbitos profesional, público e educativo.
- Compoñer textos nos que se razoe a favor ou en contra ofrecendo unha visión panorámica e á vez crítica sobre producións ou eventos dos ámbitos público e profesional.
- Escribir textos que transmitan información obxectiva centrándose en comunicar algún coñecemento e mantendo a divulgación da información como intención principal do texto.

2.2.2.2. Contidos e secuenciación

Para o curso de Intermedio B2.2 empregarase, principalmente, como libro de texto a edición actualizada do método comunicativo Nuovo Espresso 4, corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi de Maria Balì, Ignacio Dei. Alma edizioni, 2015.

	<p>Nuovo Espresso 4, corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi Maria Balì, Ignacio Dei</p> <p>Editorial: Alma edizioni</p> <p>Edición 2015</p> <p>ISBN 9788861825055</p>
---	--

Os obxectivos e contidos de Intermedio B2.2 desenvolveranse, polo tanto, partindo das seguintes unidades didácticas:

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
<p>Unidade 1: “Scuola e dintorni”</p> <p>Unidade 2: “Cibo che passione”</p> <p>Unidade 3: “E tu, come fai a saperlo?”</p> <p>Unidade 4: “Il mondo del lavoro”</p> <p>Unidade 5: “Che emozione!”</p>	<p>Unidade 6: “I gusti son gusti!”</p> <p>Unidade 7: “In giro per i musei”</p> <p>Unidade 8: “L’Italia sostenibile</p> <p>Unidade 9: “Curiosità d’Italia”</p> <p>Unidade 10: “Una...centomilla”</p>

Contidos para o primeiro cuadrimestre do curso B2.2

Socioculturais e sociolingüísticos.

- Historia e cultura italiana.
- O cine italiano e os costumes italianos en materia de alimentación.
- A axenda cultural dun pobo ou cidade.
- Educación en Italia.
- Recordos da infancia relacionados coa escola.

Funcionais

- Contar de forma detallada.
- Describir unha obra de arte.
- Expresar sorpresa.
- Resaltar unha idea ou información.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións.
- Discutir sobre a información recibida expresando acordo ou desacordo.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Expresar intención ou vontade.
- Pedir opinións sobre películas.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...).
- Expresar os propios gustos e preferencias.
- Expresar o propio acordo ou desacordo.
- Lamentarse.
- Admitir algo.
- Mostrar estupor ou incredulidade.
- Criticar unha opinión ou unha afirmación.

Sintácticos

- Repaso pronomes combinados.
- As concordancias dos tempos verbais do subxuntivo.
- Forma impersonal.
- Discurso indirecto.
- Artigos determinados e indeterminados.
- Partículas *ci* e *ne*.
- Periodo hipotético.
- Repaso uso preposicións.
- Repaso do uso do artigo.
- Futuro composto temoral e para facer previsións.
- Correlación temporal nas oracións (uso do subxuntivo con frase principal negativa: *non dico che sia...*).

- O xerundio simple e composto.
- Uso de conectores discursivos: insomma, allora e quindi
- Uso de conectores para argumentar: é anche vero che, d'altra parte
- Uso do auxiliar no passato prossimo.
- Verbos con dobre auxiliar.
- Os verbos pronominais cavarsela e entrarci.
- Pronomes relativos dobres.
- O passato remoto.

Léxicos

- Períodos histórico-culturais.
- Actividades artísticas: música e teatro, arquitectura, pintura e escultura, literatura.
- Tempo de lecer e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento.
- O consumo dos italiáns: a compra e a alimentación
- Clima e cambios climáticos, condicións atmosféricas e ambiente.
- O tratamento dos residuos.
- Os estilos de vida nas relacións humanas e sociais.

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- Puntuación: coma, punto, punto e coma...
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.

Contidos para o segundo cuadrimestre do curso B2.2

Socioculturais e sociolingüísticos

- Novas tendencias na alimentación: raw food, slow food...
- A cociña italiana.
- Busca de ofertas de emprego na sociedade dixital.
- Como actuar nunha entrevista de traballo.
- Expresar emocións e sabelas recoñecer; traballar coas emocións; empatía.

-Características e diferentes tipos de vivenda en Italia, organización do territorio.

Funcionais

- Falar da relación persoal coa comida.
- Falar dos propios gustos en relación coa comida e coa alimentación.
- Expresar preferencia.
- Describir un prato.
- Describir a preparación de unha receita de maneira clara.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Negociar un acordo.
- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Expresar dúbidas
- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situación.
- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...).
- Entender e aventurar un diagnóstico simple
- Recoñecer o grao de formalidade de diversos textos.
- Negociar un acordo.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertilo sobre algo.
- Presentar una queixa ou reclamación

Sintácticos

- Os indefinidos. Repaso e ampliación.
- O futuro anterior.
- O subxuntivo cos indefinidos.
- A dislocación á esquerda.
- Repaso e ampliación da voz pasiva: o Si passivante.
- Flexión de xénero nas profesións.
- Posición e concordancia do condicional co subxuntivo.

- Oración composta.
- Subordinación de relativo (uso do subxuntivo).
- O xerundio con función causal e hipotética.
- Uso de conectores propios do nivel (finalmente, alla fine).
- Determinantes.
- Posesivo posposto.
- Possesivo propio + impersonalidade.
- Uso de conectores propios do nivel: nel caso in cui, qualora, come se, senza che + congiuntivo).
- A posición do adxectivo, o adxectivo cualificativo, os adxectivos superlativos, os superlativos metafóricos e os superlativos irregulares.
- A formación de palabras: os adxectivos relacionais.
- A pasiva co verbo andare.
- Uso da impersonalidade.
- Uso do imperativo afirmativo e negativo.
- Indefinidos (alcun, qualche, nessun,...).
- Oración Composta. Subordinada final (affinché, perché,...).

Léxicos

- A cociña italiana: receitas e utensilios de cociña.
- A alimentación e maneiras de comer, dieta e nutrición.
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais.
- Identificación persoal: valores persoais.
- Saúde e coidados físicos: sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética.
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica.
- Relacións persoais e sociais: formas de convivencia (as relación veciñais).

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- Abreviaturas e siglas.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.

-A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.

-A división silábica.

Secuencia dos contidos en unidades didácticas

Unidade didáctica 0: avaliación inicial

Actividade	Obxectivo	Temporalización
Avaliación inicial	Avaliación dos coñecementos do nivel B2.1 e avaliación da produción oral e escrita. Repaso dos contidos máis importantes de B2.1	3 sesións (setembro)

Primeiro cuadrimestre (setembro – xaneiro)

Unidade didáctica 1

Tema: EDUCAZIONE	Scuola e dintorni
Temporalización	6 sesións (setembro – outubro)
Obxectivo	Comprender un texto relacionado con calquera aspecto da educación en Italia.
Actividade final	Contar as súas experiencias de cando estaban na escola a través de fotografías que traerán eles mesmos.
Contidos funcionais	Falar dun evento. Contar os recordos da escola e os costumes desa época. Expresar acordo e desacordo, desgusto, incredulidade. Criticar unha opinión ou afirmación.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A educación en Italia.
Contidos léxico-semánticos	O léxico da educación. Os estilos de vida e as relación sociais. O cambio climático, o tratamento dos residuos.
Contidos gramaticais	O uso do auxiliar no pasado. Verbos con dobre auxiliar. Repaso dos tempos pasados.

	<p>Expresións “Cavarsela” e “Entrarci”</p> <p>Os pronomes relativos chi e ciò che.</p>
--	--

Unidade didáctica 2

Tema: ALIMENTAZIONE	Cibo, che passione!
Temporalización	6 sesións (outubro – novembro)
Obxectivo	<p>Expresar e intercambiar opinións sobre pratos. Falar de cociña italiana.</p> <p>Saber explicar unha receita</p>
Actividade final	Facer unha presentación na clase: escoller unha rexión italiana, explicar como se fai un prato típico desa rexión e falar tamén dos pratos italianos preferidos.
Contidos funcionais	<p>Falar dos propios gustos en relación coa comida. Expresar preferencia.</p> <p>Describir a preparación dunha receita de maneira clara.</p> <p>Expresar un desexo.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A cociña italiana e as súas receitas.
Contidos léxico-semánticos	<p>Ingredientes para cocinar.</p> <p>Pratos italianos: receitas e utensilios de cociña.</p>
Contidos gramaticais	<p>Os indefinidos</p> <p>O subxuntivo e os indefinidos O futuro perfecto</p> <p>Il “Si passivante”</p>

Unidade didáctica 3

Tema: CANALI DI COMUNICAZIONE	E tu, come fai a saperlo?
Temporalización	5 sesións (novembro)
Obxectivo	Coñecer mais sobre a historia de Italia
Actividade final	Encadrar unha serie de feitos da historia de Italia nunha

	época determinada
Contidos funcionais	Transmitir informacións. Comentar as estatísticas. Falar dun feito histórico Argumentar e discutir o teu punto de vista nun contexto informal,
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A historia de Italia
Contidos léxico-semánticos	O léxico da historia
Contidos gramaticais	Verbos con preposición Adverbios de tempo. Os numerais como substantivos. O discurso indirecto O condicional (incerteza) Non perchè + conxuntivo

Unidade didáctica 4

Tema: LAVORO	Il mondo del lavoro
Temporalización	5 sesións (decembro)
Obxectivo	Ser capaz de comunicarse no mundo laboral
Actividade final	Facer un debate sobre o mundo laboral para as mulleres, dereitos, obrigas, perdas Posta en escena dunha entrevista de traballo.
Contidos funcionais	Falar do propio traballo. Facer una entrevista de traballo nun contexto formal. Falar das profesións. Dar unha orde educadamente. Falar das propias capacidades. Pedir opinións sobre algo ou alguén. Expresar dúbidas. Busca de ofertas de emprego na sociedade dixital. Como actuar nunha entrevista de traballo.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A situación laboral en Italia e as profesións máis comúns e de nova creación,
Contidos léxico-semánticos	Profesións. Anuncios de traballos. Títulos de estudio. Currículum Vitae. Entrevista de traballo.

Contidos gramaticais	<p>O xénero nas profesión.</p> <p>O subxuntivo nas frases relativas.</p> <p>A concordancia entre o condicional e o subxuntivo, O imperativo (repasso)</p> <p><i>Finalmente e alla fine.</i></p>
----------------------	---

Unidade didáctica 5

Tema: SENTIMENTI	Che emozione!
Temporalización	5 sesións (xaneiro)
Obxectivo	Interactuar en conversas sobre temas de interese persoal ou da súa especialidade
Actividade final	Elaborar unha entrevista en parellas sobre o que sente cada un en determinadas situación.
Contidos funcionais	<p>Expresar emocións e falar de sentimentos adecuándose ao rexistro</p> <p>Expresar hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.</p> <p>Falar dun mesmo e describir a outras persoas, tanto no físico como no carácter.</p> <p>Entrevistar a alguén.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>Expresar e recoñecer as propias emocións.</p> <p>Como son os italianos?</p>
Contidos léxico-semánticos	<p>Identificación persoal, valores persoais</p> <p>Os sentimentos</p>
Contidos gramaticais	<p>Os adxectivos derivados de substantivos.</p> <p>Os antónimos.</p> <p>O posesivo posposto.</p> <p>O período hipotético.</p>

Segundo cuadrimestre (febreiro – maio)

Unidade didáctica 6

Tema: CINEMA	I gusti sono gusti
Temporalización	5 sesións (febreiro)
Obxectivo	Ser capaz de explicar o argumento dunha película.
Actividade final	Ver unha película italiana e explicar o argumento aos compañeiros.
Contidos funcionais	Distinguir os xéneros cinematográficos Expresar os propios gustos e preferencias. Contar a trama dunha película. Facer a crítica dunha película
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	O cine italiano
Contidos léxico-semánticos	Os gustos e as preferencias. Os xéneros cinematográficos.
Contidos gramaticais	A posición do adxectivo. O subxuntivo nas oración negativas. O subxuntivo con <i>Purché</i> . Fare + infinitivo

Unidade didáctica 7

Tema: ARTE	In giro per musei
Temporalización	6 sesións (febreiro – marzo)
Obxectivo	Falar dunha obra de arte
Actividade final	Facer unha presentación sobre un museo de arte italiano ou sobre unha obra de arte.
Contidos funcionais	Falar do arte italiano. Expresar sorpresa. Resaltar unha idea ou información. Facer unha hipótese referida ao pasado. Eloxiar.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Patrimonio artístico italiano: obras de arte e artistas italianos. Historia e cultura italiana: o <i>Rinascimento</i> .

	Proverbios italianos. Actividades artísticas: escultura, pintura. Os museos de arte.
Contidos léxico-semánticos	O léxico de arte
Contidos gramaticais	Expresar futuro no pasado Condizionale passato: formas e usos. Concordancia dos tempos ao indicativo.

Unidade didáctica 8

Tema: AMBIENTE	L'Italia sostenibile
Temporalización	5 sesións (marzo)
Obxectivo	Ser capaz de facer propostas para mellorar o cambio climático
Actividade final	Facer un debate sobre a importancia da reciclaxe
Contidos funcionais	Dar un xuízo, unha avaliación ou unha dúbida. Falar dos problemas medioambientais. Facer propostas. Expresar desexos
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A reciclaxe en Italia
Contidos léxico-semánticos	O léxico do medio ambiente
Contidos gramaticais	As posición dos pronomes con xerundio. A posición do adxectivo. Os distintos usos do futuro. A posición do adverbio.

Unidade didáctica 9

Tema: CULTURA ITALIANA	Curiosità d'Italia
Temporalización	5 sesións (abril)

Obxectivo	Coñecer mais datos sobre a cultura italiana
Actividade final	Escribir unha carta invitando aos compañeiros a un evento cultural.
Contidos funcionais	Expresar unha duda. Explicar calquera cousa. Felicitar a alguén. Pedir e dar consellos. Falar dun evento cultural.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	As curiosidades sobre a cultura italiana
Contidos léxico-semánticos	Expresións con verbos pronominais: <i>A dirla tutta, sbrigarsela da soli, ecc.</i> As palabras homónimas
Contidos gramaticais	Palabras con dous plurais. A posición do artigo determinado cos nomes xeográficos O xerundio presente e pasado.

Unidade didáctica 10

Tema: LA LINGUA ITALIANA	Una... centomilla
Temporalización	5 sesións (abril – maio)
Obxectivo	Ser capaz de falar sobre os medios de comunicación
Actividade final	Facer un debate sobre os mass media e contradicir as opinión dos compañeiros
Contidos funcionais	Conducir unha entrevista Contradicir unha opinión Puntualizar. Debater
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Os medios de comunicación en Italia

Contidos léxico-semánticos	O léxico dos medios de comunicación
Contidos gramaticais	O plural das palabras compostas. O subxuntivo con algunhas expresións. O comparativo de igualdade

2.2.2.3. Criterios de avaliación

- Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.
- Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.
- Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.
- Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...
- Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
- Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.
- Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
- Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende

vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

- Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.

- Desenvólvese en transaccións da vida cotiá - aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.

- Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.

- Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.

- Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.

- Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.

- É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.

- Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

- Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir.

- Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

- Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.
- Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...
- Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro - axeitados á situación de comunicación.
- Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.
- Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.
- Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.
- Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.
- Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e mais específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
- É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.
- Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.
- Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

- Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias.
- Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

2.2.2.4. Mínimos esixibles

Para poder acceder ao Nivel Avanzado C1.1 as alumnas e os alumnos demostrarán que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRENSIÓN ORAL

- Comprender a información principal de monólogos sostidos en conferencias, charlas, discursos e noutras formas de presentación pública, académica e profesional referidas a temas coñecidos, desenvolvidos mediante marcadores discursivos explícitos, articulados en lingua estándar, aínda que se deban inferir significados pola presenza dalgunhas expresións idiomáticas pouco habituais.
- Comprender cun grao razoábel de precisión e eficacia diferentes tipos de textos en lingua estándar sobre temas de actualidade emitidos pola radio ou a televisión, en películas, representacións teatrais e outros textos audiovisuais, sempre que conteñan elementos redundantes que faciliten a comprensión, estean producidos a un ritmo normal, en boas condicións acústicas, e poidan ser escoitados máis dunha vez.

Comprender con eficacia ao seu interlocutor en distintas situacións de comunicación nas que se fale a un ritmo normal en lingua estándar, cunha pronunciación clara e sobre temas dos ámbitos persoal, público, profesional e académico, aínda que lle custe algún esforzo ou teña que axudarse de preguntas para asegurar a comprensión.

- Identificar con certa precisión informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións referidas a temas que resulten familiares nos ámbitos persoal, público, profesional e académico.
- Utilizar estratexias para a comprensión das mensaxes orais.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL

- Realizar presentacións e declaracións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, facendo descrições e expoñendo argumentos con claridade, razoando a favor ou refutando un punto de vista concreto, amosando as vantaxes e

inconvenientes de varias opcións e achegando información a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non supoña tensión para os seus interlocutores.

- Participar activamente en conversas formais e informais, explicando ou argumentando con claridade os seus puntos de vista, realizando comentarios adecuados sobre os puntos de vista doutras persoas, decantándose razoadamente por unha vía de entre varias propostas e destacando, se cumprise, a importancia persoal de certos feitos e experiencias.

- Presentar brevemente e con claridade un tema, caso ou acontecemento, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, así como explicar un problema e indicar que se está disposto a facer concesións ou solicialas sen molestar involuntariamente aos seus interlocutores.

- Participar en entrevistas estruturadas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, solicitando aclaracións, se é o caso, e pechando positivamente a entrevista.

- Expresarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado ás diversas situacións de comunicación, seguindo as regras prosódicas – acento, ritmo e entoación– propias do idioma de que se trate, con razoable fluidez, cunha pronunciación clara, con bastante control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como propio da especialidade, que conteñan conectores textuais de tempo, orde e explicación, e expresións da suxestión, do mandato ou da advertencia, e utilicen un léxico amplo, variado e preciso, aínda que sexa necesario reler e apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, esbozo, e outros.

- Localizar información global e detallada, e distinguir entre feitos, opinións e recomendacións en textos propios de xornais, revistas, guías, páxinas web, novelas, etc. nunha lingua estándar ou nunha variedade de lingua próxima á estándar.

- Comprender información esencial de cartas persoais, acordos, contratos, comunicados ou correspondencia institucional e comercial, correos electrónicos, etc. nos

que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, que versen sobre temas xerais e da súa especialidade, e saber reaccionar adecuadamente distinguindo o rexistro mais formal do estándar.

- Utilizar diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), o uso do contexto, de dicionarios ou a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA

- Escribir textos (notas, cartas, reclamacións) nos que se solicite e transmita información, se transmitan emocións, se expliquen problemas, se manifesten puntos de vista ou se comuniquen noticias, salientando os aspectos relevantes ou a importancia persoal de feitos e experiencias, con suficiente claridade e adecuando o rexistro á situación de comunicación.

- Resumir información de diversas fontes, tanto factuais como de ficción, que conteñan unha trama argumental ou secuencia de acontecementos.

- Escribir críticas de libros, películas, exposicións e outros eventos dando unha idea xeral deles e reflectindo a interpretación persoal e a valoración crítica.

- Escribir textos informativos nos que se dea a coñecer a realidade e como ocorreron os feitos, describindo persoas, estados físicos ou anímicos, procesos, cambios ou sistemas ou narrando acontecementos seguindo a estrutura organizativa propia deste tipo de textos e con independencia da propia maneira de pensar ou de sentir.

- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para compoñer e revisar de xeito autónomo os propios textos.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

- Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

- Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os

aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

- Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

2.3. NIVEL AVANZADO

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campo académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados.

O alumnado que supere o nivel avanzado C2 poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos.

Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez.

O alumnado que acade este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresión idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar ou expresar semántica, lingüística ou pragmaticamente.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

C1	C2
<p>Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.</p> <p>Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo,</p>	<p>Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.</p> <p>Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo</p>

<p>independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e internacionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.</p> <p>Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>Producir e coproducir independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos devanditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus</p>	<p>algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.</p> <p>Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.</p> <p>Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral</p>
---	---

<p>puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e rematando cunha conclusión apropiada, utilizando para iso, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.</p>	<p>ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.</p>
--	---

C1	C2
<p>Actividades de comprensión de textos orais</p>	
<p>Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.</p> <p>Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos</p>	<p>Comprender, independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.</p> <p>Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de</p>

<p>coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.</p> <p>Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.</p> <p>Comprender os detalles de conversacións e discusións certa lonxitude entre terceiras persoas mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di. Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.</p> <p>Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.</p>	<p>produtos, servizos ou procedementos).</p> <p>Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.</p> <p>Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.</p> <p>Comprender conversacións, discusión e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.</p> <p>Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural ou sociolingüístico.</p>
---	---

C1	C2
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	
<p>Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.</p> <p>Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as</p>	<p>Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.</p> <p>Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.</p> <p>Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema,</p>

<p>preguntas finais.</p> <p>Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.</p> <p>Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p>	<p>adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.</p> <p>Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación así como capacidade de reacción e improvisación.</p> <p>Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.</p> <p>Conversar en situacións da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros e un uso apropiado da ironía.</p> <p>Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.</p>
--	--

C1	C2
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	
<p>Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.</p> <p>Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar</p>	<p>Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.</p> <p>Comprender as implicacións da información contida en instrucións, normativas, ordenamentos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de</p>

<p>trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).</p> <p>Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.</p> <p>Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p>Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p>Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.</p> <p>Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p>	<p>especialización en particular.</p> <p>Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, p.e. actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación, ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.</p> <p>Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional; identificar actitudes e opinións implícitas e apreciar as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.</p> <p>Comprender e interpretar de maneira crítica a información contida en material bibliográfico especializado de carácter académico ou profesional, en calquera soporte.</p> <p>Comprender publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.</p> <p>Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.</p> <p>Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes.</p>
---	---

C1	C2
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	

<p>Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.</p> <p>Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p>Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p>Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.</p>	<p>Tomar notas e apuntamentos mentres se participa en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.</p> <p>Negociar textos de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificar e corrixir borradores.</p> <p>Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica sobre textos técnicos de índole académica ou profesional, sobre obras literarias ou artísticas, sobre proxectos de investigación ou sobre outras recensións e artigos (temáticos) escritos por terceiros.</p> <p>Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos que se presenta o contexto, o fondo teórico e a literatura precedente e onde se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente.</p> <p>Escribir, independentemente do soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.</p>
---	---

C1	C2
Actividades de mediación	
Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo

<p>sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.</p> <p>Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</p> <p>Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.</p> <p>Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p>	<p>de texto.</p> <p>Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura,</p> <p>p.e. variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.</p> <p>Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.</p>
---	---

Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

e sociolingüísticos	Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.	
	C1	C2
Socioculturais	Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.	

Estratéxicos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	C1	C2
<p>1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. - Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. - Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...). - Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. - Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...) - Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. - Relacionar a información nova con coñecementos previos. - Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. - Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. <p>2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas... - Informarse, se hai axudas visuais etc. - Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia. - Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. - Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...). 		

- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>			
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center; background-color: #FFD700;">C1</td> <td style="width: 50%; text-align: center; background-color: #FF8C00;">C2</td> </tr> </table>		C1	C2
C1	C2		
<p>Funcionais</p>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%; padding: 5px;"> <p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión defacer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...</p> </td> <td style="width: 50%; padding: 5px;"> <p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión defacer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e</p> </td> </tr> </table>	<p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión defacer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...</p>	<p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión defacer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e</p>
<p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión defacer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...</p>	<p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión defacer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e</p>		

	<p>Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...</p> <p>Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...</p>	<p>suplicar...</p> <p>Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...</p> <p>Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...</p>
--	--	---

Discursivos	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	C1	C2
<p>Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios complexos retransmitidos - Instrucións e indicacións detalladas - Conversas especializadas - Reunións de traballo con vocabulario específico - Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos - Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas... - Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo - Sondaxes e cuestionarios complexos - Audiovisuais - Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas - Cancións 		

- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais
- Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:
- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

Sintácticos	Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.	
	C1	C2
<ul style="list-style-type: none"> - Formación de palabras: derivación e composición - Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos - Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso - Correlación temporal na construción de textos orais e escritos - Usos sintácticos complexos - Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de 		

<p>alteración da orde</p> <ul style="list-style-type: none"> - Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc. - Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

Léxicos	Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.	
	C1	C2
<ul style="list-style-type: none"> - Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola... - Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual... - Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas... - Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento... - Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía... - Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción... - Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias... - Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais... - Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepciónsfísicas... - Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais... - Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, 		

hostalería, vacacións, ocio...

- Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...
- Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...
- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...
- Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadas no estranxeiro...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...
- Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

Ortotipográficos Fonéticos-fonolóxicos	Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.	
	C1	C2
	<ul style="list-style-type: none"> - A énfase - A entoación e os cambios de ton - Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...) - Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas - Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrán, poemas...) - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación - O recoñecemento das variantes 	<ul style="list-style-type: none"> - A énfase - A entoación e os cambios de ton - Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...) - Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas - Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrán, poemas...) - A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación - O recoñecemento das variantes

diatópicas e diastráticas máis estendidas - As convencións de distribución e organización do texto - As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común	diatópicas e diastráticas máis estendidas - As convencións de distribución e organización do texto - As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común
---	---

Criterios de avaliación

C1	C2
Actividades de comprensión de textos orais	
<p>Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</p> <p>Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.</p> <p>É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p>Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.</p> <p>Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.</p>	<p>Aprecia matices como a ironía ou o sarcasmo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.</p> <p>Comprende o que se pretende comunicar e utiliza con habilidade as claves contextuais co fin de inferir a actitude dos e das falantes e sacar as conclusións apropiadas.</p> <p>Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto oral de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado.</p> <p>Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece os matices sutís de significado.</p>

C1	C2
Actividades de produción e coprodución de textos orais	
<p>Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.</p> <p>Expresa o que quere dicir, superando</p>	<p>Utiliza diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e é quen de expresar matices sutís de significado.</p> <p>Pode expresarse de forma</p>

<p>dificultades ocasionais que poida ter.</p> <p>Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p>Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.</p> <p>Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.</p> <p>Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.</p> <p>É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</p> <p>Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.</p> <p>Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar</p>	<p>conscientemente irónica, ambigua ou humorística, mesmo sobre asuntos complexos ou delicados.</p> <p>Controla e repara o seu discurso en contextos complexos.</p> <p>Formula pensamentos con precisión, pon énfase e elimina posibles ambigüidades.</p> <p>Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados.</p> <p>Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas.</p> <p>Realiza narracións detalladas cun estilo apropiado sobre temas complexos, integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada.</p> <p>Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p>Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebater os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir.</p> <p>Utiliza un vocabulario correcto e apropiado, co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado.</p> <p>Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea.</p> <p>Pode resumir ou transmitir con detalle as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios.</p> <p>Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado.</p>
---	---

matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	
--	--

C1	C2
Actividades de comprensión de textos escritos	
<p>Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.</p> <p>Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.</p> <p>Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p> <p>Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p> <p>Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p> <p>Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p>Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p>	<p>Aprecia diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro e de estilo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.</p> <p>Comprende o que se pretende ou o que se lle require, sendo quen de inferir a actitude e as intencións do/a autor/a.</p> <p>Pode valorar a información procedente de distintas fontes e decidir se é ou non relevante para o fin ou a tarefa en cuestión.</p> <p>Pode localizar información relevante, así como comprender o seu tema, contido e orientación, a partir dunha lectura rápida do texto.</p> <p>Utiliza sen dificultade dicionarios monolingües da súa área de especialización.</p> <p>Recoñece recursos estilísticos, p.e. a metáfora, e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.</p> <p>Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e os tipos textuais específicos.</p> <p>Recoñece xogos de palabras e figuras estilísticas e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.</p> <p>Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital, de carácter especializado.</p>

C1	C2
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	
<p>Escrebe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.</p> <p>Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p>Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p>Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.</p> <p>Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico).</p> <p>Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das</p>	<p>Escrebe textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse sen ningunha limitación.</p> <p>Escrebe textos complexos, coherentes e cohesionados, con claridade, cun estilo apropiado e eficaz e cunha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a atopar as ideas máis significativas.</p> <p>Utiliza diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto e a intención comunicativa.</p> <p>Pode expresarse por escrito de forma conscientemente irónica, ambigua, ou humorística.</p> <p>Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p>Saca proveito dun amplo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, poñer énfase, diferenciar e eliminar ambigüidades.</p> <p>Comunica con total certeza información complexa e detallada.</p> <p>Pode dar explicacións coherentes de carácter teórico.</p> <p>Realiza descrições e narracións detalladas integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada.</p> <p>Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p>Expresa e argumenta as súas opinións con</p>

<p>persoas destinatarias.</p>	<p>claridade e precisión, rebate os argumentos dos seus correspondentes e pode persuadir con soltura.</p> <p>Utiliza sen problemas as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico.</p> <p>Utiliza con consistencia un vocabulario correcto e apropiado, co fin de enriquecer e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua, tanto de carácter xeral como máis específico, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación; se acaso, pode presentar algún descoido tipográfico ocasional.</p> <p>Relacionase coa persoa destinataria con total naturalidade, flexibilidade e eficacia.</p>
-------------------------------	--

C1	C2
Actividades de mediación	
<p>Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> <p>Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte(oraís ou escritos).</p> <p>Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p>	<p>Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, así como a información, o estilo e as posturas orixinais.</p> <p>Produce un texto meta claro, ben estruturado e cun estilo apropiado a partir de diversos textos fonte (oraís ou escritos).</p> <p>Pode explicar e analizar as semellanzas e diferenzas culturais e lingüísticas, así como superar posibles barreiras ou circunstancias adversas na comunicación, poñendo en xogo a súa competencia intercultural e as súas competencias</p>

<p>Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>	<p>comunicativo-lingüísticas.</p> <p>Comunícase coa precisión necesaria, apreciando e sendo capaz de utilizar diferentes variedades da lingua e unha ampla gama de matices de significado. Selecciona con rapidez e aplica eficazmente os recursos lingüísticos máis convenientes para o propósito comunicativo, en función das persoas destinatarias e do propósito comunicativo.</p> <p>Produce textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir dunha gran diversidade de fontes textuais.</p> <p>Transmite con certeza información complexa e detallada, así como os aspectos sutís das posturas, opinións e implicacións contidas nos textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>Xestiona con naturalidade e espontaneidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer posibles malentendidos; volvendo, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>
--	--

2.3.1. NIVEL AVANZADO C1

2.3.1.1. Obxectivos específicos

COMPRENSIÓN ORAL

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
- Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa

profesión ou actividades académicas.

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversacións e discusións certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións

de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.
- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre

temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

2.3.1.2. Contidos e secuenciación

Para o curso de avanzado C1.1 empregamos como libro de texto o método comunicativo de Giorgio MASSEI, G. e BELLAGAMBA, R.: *Nuovo Espresso 5, corso di italiano per stranieri*, ALMA Edizioni 2017.

	<p>Nuovo Espresso 5, corso di italiano per stranieri, G.Massei, R. e Bellagamba, R.</p> <p>Editorial: ALMA Edizioni</p> <p>Edición: 2017</p> <p>ISBN: 9788861825062</p>
--	---

Partindo das 10 unidades temáticas deste método de ensino da lingua italiana desenvolveranse os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 81/2018 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo do nivel avanzado C1. Estas unidades temáticas serán completadas tanto con outros materias doutros métodos comunicativos como con materiais auténticos.

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
Unidade 1: Quanta Italia c'è in te? Unidade 2: La nuova letteratura Unidade 3: Con la testa nel pallone Unidade 4: La grande bellezza Unidade 5: Il buon mangiare	Unidade 6: Parole in musica Unidade 7: Quanto sei figo? Unidade 8: Tutti all'Opera! Unidade 9: Donne d'Italia Unidade 10: L'italiano mi cambia

Contidos para o primeiro cuadrimestre

Socioculturais e sociolingüísticos

- Proverbios.
- O significado social e persoal da arte.
- A relación dos italianos coa arte.
- Os museos e sitios arqueolóxicos italianos máis visitados.
- O labor dos museos.
- Arte e cultura popular.
- A literatura de Andrea Camilleri.
- Falar en público.
- A linguaxe da publicidade..
- O machismo social e lingüístico.
- Consumo e novas modalidades de ocio.
- A herdanza grecolatina na cultura italiana.
- Novos estilos e filosofías de vida.
- A linguaxe corporal.
- A divulgación.
- A arte relixiosa.
- Novas tendencias de alimentación.

Funcionais: fáticos e solidarios, expresivos.

Discursivos

Orais: vídeo divulgativo sobre arte, monólogo satírico sobre a relacións dos italianos coa cultura, entrevista a un autor; presentacións sobre como falar en público, escena dunha película clásica, vídeo sobre técnicas para pronunciar mellor, podcast sobre publicidade, anuncios, entrevista a unha activista; fragmento de espectáculo teatral.

Escritos: post sobre os museos máis visitados, viñetas humorísticas sobre arte, fragmentos de prensa e artigos, fragmentos de literatura contemporánea; correspondencia profesional, slogans publicitarios, ensaio sobre sexismo, fragmentos de prensa.

Sintácticos

- Organización estrutural dos textos orais: o diálogo.
- Organización estrutural dos textos orais: o monólogo.
- Organización estrutural dos textos orais: os recursos da mediación.

Léxicos

- Cultura e actividades artísticas (por exemplo: arquitectura, pintura e escultura, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, artesanía...).
- Identidade persoal (por exemplo: sensacións, valores, estilos de vida...).
- Bens e servizos (por exemplo: bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...).
- Información e medios de comunicación (por exemplo: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...).

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- Repaso da división silábica.
- Entoación característica de refráns.
- Os patróns tonais do sarcasmo.
- Acentos italianos.
- Os patróns tonais da ironía.
- As convencións gráficas da correspondencia formal
- Acento napolitano e toscano.
- Os patróns tonais do humor.
- A énfase.
- A entoación e os cambios de ton.

Contidos para o segundo cuadrimestre

Socioculturais e sociolingüísticos

- A economía compartida.
- O Istat.
- Personaxes e destacados da industria italiana.
- Empresas italianas: máis aló do Made in Italy.
- A lingua italiana. O seu ensino no mundo.
- Profesións novas e tradicionais.

- Automatización.
- Confindustria e sindicatos.
- A entrevista de traballo.
- O traballo en cifras a través do Istat.
- O dobre traballo e a discriminación salarial.

Funcionais: asertivos, directivos, compromiso

Discursivos

Orais: sketch humorístico sobre tendencias alimentarias, campaña sobre impostos machistas, fragmentos de documentais sobre industrial; novas sobre o estado dos centros educativos en Italia, escenas cinematográficas sobre o mundo laboral, novas sobre seguridade laboral, presentacións sobre entrevistas de traballo, documental sobre profesións.

Escritos: páxinas web sobre consumidores verdes, páxina web sobre micromachismos, informe do Istat; páxinas web e fragmentos de prensa sobre o ensino do italiano no mundo; artigos sobre traballo e muller, informe estatístico.

Léxicos

- Economía e industria (por exemplo: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...).
- Alimentación (por exemplo: procesos de alimentación, tendencias en alimentación, produción agrícola...).
- Educación e actividades académicas (por exemplo: lexislación e regulamentos, problemas e conflitos, tendencias...).
- Goberno, política e sociedade (por exemplo: organización política e de goberno, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...).
- Traballo e actividades profesionais (por exemplo: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...).

Sintácticos

- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos escritos: o informe.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos escritos: correspondencia e foros.
- A correspondencia entre unidades melódicas e entoación.
- Abreviaturas, siglas e acrónimos.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos escritos: correspondencia profesional.

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos

- Os patróns tonais do humor.
- A énfase.
- A entoación e os cambios de ton.
- Entoación de proverbios.
- Os patróns de ton vinculados a un ambiente formal.

Secuencia dos contidos en unidades didácticas

Unidade didáctica 0: avaliación inicial

Actividade	Obxectivo	Temporalización
Avaliación inicial	Avaliación dos coñecementos previos do nivel B2 e avaliación da produción oral e escrita.	3 sesións (setembro)

Primeiro cuadrimestre (setembro – xaneiro)

Unidade didáctica 1

Tema: SOCIETÀ, USI E COSTUMI	Quanta Italia c'è in te?
Temporalización	6 sesións (ata o 17 de outubro)
Obxectivo	Saber falar de supersticións e dar a propia opinión sobre distintos estereotipos. Expresar a propia opinión sobre mentalidade e prexuizos.
Actividade final	Exposición oral comparativa entre as distintas poboacións de España e Italia.

Contidos funcionais	<p>Comunicar nun rexistro coloquial.</p> <p>Expresar énfase segundo o contexto.</p> <p>Expresar sorpresa e rabia.</p> <p>Expresar opinión, expresar crenza e conxectura.</p> <p>Defender a propia posición e meter en dubida a dos outros.</p> <p>Utilizar latinismos de uso común.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>As supersticións.</p> <p>Estereotipos en Italia e no mundo. A economía italiana</p>
Contidos léxico-semánticos	<p>A formación do superlativo dos adxectivos ao través dos prefixos: arci-, stra-, super- e iper-</p> <p>Adxectivos para describir ás persoas.</p> <p>O período hipotético do 2º tipo (repasso).</p>
Contidos gramaticais	<p>O <i>futuro semplice e anteriore</i> en frases negativas.</p> <p><i>Il congiuntivo nelle frasi dislocate.</i></p> <p>Verbos pronominais</p> <p>Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos: os relativos (repasso).</p> <p>Imperativo cos pronomes (repasso). Ci e ne (repasso)</p>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	<p>Entoación: entusiasmo, sorpresa, desilusión. O acento.</p>

Unidade didáctica 2

Tema: LETTERATURA	La nuova letteratura
Temporalización	6 sesións (ata o 9 de novembro)
Obxectivo	<p>Falar de libros e de literatura italiana. Facer a crítica dun libro.</p> <p><i>Esprimersi in modo colorito ma non volgare.</i></p>
Actividade final	Facer unha entrevista a un compañeiro sobre o tema da lectura.

Contidos funcionais	Expresar as propias preferencias, contradicir e rebater. Comprender textos de narrativa contemporánea. Describir personaxes dende o punto de vista físico e psicolóxico.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A literatura italiana. Figuras da literatura italiana: Niccolò Ammaniti, Andrea Camilleri, Umberto Eco, Alessandro Baricco, Paolo Giordano, Giorgio Faletti.
Contidos léxico-semánticos	Xéneros literarios.
Contidos gramaticais	La frase <i>scissa esplicita e implicita</i> La frase pseudoscissa La frase scissa interrogativa e temporale L'uso dei tempi passati dell'indicativo Il trapassato remoto
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	As convencións de distribución e organización do texto.

Unidade didáctica 3

Tema: TEMPO LIBERO	Con la testa nel pallone
Temporalización	5 sesións (ata o 30 de novembro)
Obxectivo	Comentar estatísticas e porcentaxes usando o léxico adecuado. Falar de deporte.
Actividade final	Actividade en grupos: despois de visualizar un vídeo sobre o deporte, comparación entre o modo de vivir o deporte nas distintas sociedades actuais
Contidos funcionais	Expresar opinión e dúbidas. Expresar intencións, consellos e desexos presentes e pasados. Recoñecer algunhas variedades rexionais do italiano
Contidos socioculturais e	O deporte en Italia

sociolingüísticos	
Contidos léxico-semánticos	Lecer e tempo libre
Contidos gramaticais	<p><i>La concordanza dei tempi al congiuntivo (anteriorità).</i></p> <p><i>I verbi difettivi del participio passato.</i></p> <p><i>La concordanza dei tempi con la principale al condizionale presente.</i></p> <p><i>La frase implicita con la principale al condizionale presente.</i></p> <p><i>Usi regionali dei verbi essere / stare (centrosud) e avere / tenere (sud).</i></p>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Repaso dos sons sordos e sonoros no italiano.

Unidade didáctica 4

Tema: ARTE	La grande bellezza
Temporalización	6 sesións (ata o 21 de decembro)
Obxectivo	Falar dunha obra de arte usando o léxico adecuado.
Actividade final	Exposición: a galería de arte da clase. Os museos e sitios arqueolóxicos máis visitados de Italia.
Contidos funcionais	<p>Ironizar.</p> <p>Expresar emocións, ordes, concesións, desexos, esperanzas, dúbidas, hipóteses.</p> <p>Usar adxectivos sofisticados para describir positivamente o negativamente unha persoa, unha cousa, un lugar.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>O significado social e persoal da arte. A relación dos italianos coa arte.</p> <p>Os museos e sitios arqueolóxicos italianos máis visitados.</p> <p>O labor dos museos. Arte e cultura popular.</p>
Contidos léxico-	Cultura e actividades artísticas: arquitectura, pintura e

semánticos	escultura.
Contidos gramaticais	<p><i>Il congiuntivo esortativo, dubitativo e ottativo nelle frasi indipendenti</i></p> <p><i>Usi del participio presente e passato</i></p> <p><i>Il participio passato in alcune espressioni idiomatiche.</i></p> <p><i>Il participio passato nelle subordinate implicite.</i></p> <p><i>L'aggettivo bello.</i></p>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Repaso da división silábica

Unidade didáctica 5

Tema: ALIMENTAZIONE	Il buon mangiare
Temporalización	6 sesións (ata o 26 de xaneiro)
Obxectivo	<p>Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de alimentación e cociña.</p> <p>Descrivir de xeito preciso e moi detallado un prato.</p>
Actividade final	Exposición sobre as novas tendencias na alimentación e sucesivo debate
Contidos funcionais	<p>Expresar previsións e intencións futuras do pasado.</p> <p>Expresar pesar por acontecementos do pasado. Usar adxectivos como intensificadores dalgúns elementos da frase.</p> <p>Falar da relación persoal coa comida e dos propios gustos en relación coa comida e coa alimentación.</p> <p>Expresar preferencia.</p> <p>Descrivir a preparación dunha receita de maneira clara e detallada.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>Novas tendencias na alimentación: xaxún intermitente, raw food, slow food...</p> <p>A cociña italiana.</p>

Contidos léxico-semánticos	A alimentación e maneiras de comer, dieta e nutrición
Contidos gramaticais	<i>Differenza tra l'uso del futuro semplice e del condizionale passato per esprimere la posteriorità.</i> <i>Il congiuntivo imperfetto e trapassato retti da un verbo al condizionale passato.</i> <i>Gli intensificatori Bello e Buono.</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Abreviaturas e siglas

Segundo cuadrimestre (febreiro – maio)

Unidade didáctica

Tema:MUSICA, TEATRO	Parole in musica
Temporalización	5 sesións (ata o 15 de febreiro)
Obxectivo	Comprender exposicións, entrevistas complexas sobre temas que teñan que ver coa cultura italiana
Actividade final	Facer unha presentación sobre un cantante italiano destacado e sobre a súa música
Contidos funcionais	Recoñecer algunhas formas non correctas pero difusas no italiano coloquial. Usar xogos de palabras. Recoñecer diferencias de significado entre palabras homógrafas. Resaltar unha idea ou información. Facer correccións, aclaracións, rectificacións.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Historia da música italiana
Contidos léxico-semánticos	Actividades artísticas: música e teatro
Contidos gramaticais	<i>Il Che polivalente.</i> <i>Il Che polivalente di tempo e di luogo. I pronomi relativi</i>

	<p><i>doppi Chi e Quanto.</i></p> <p><i>Varianti linguistiche e stilistiche del periodo ipotetico.</i></p> <p><i>Frasi temporali e cause introdotte da SE.</i></p>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Puntuación: coma, punto, punto e coma

Unidade didáctica 7

Tema: ECONOMIA	Quanto sei figo?
Temporalización	6 sesións (ata o 13 de marzo)
Obxectivo	<p>Expresar opinión sobre os tipos de beleza dende o Renacemento a hoxe.</p> <p>Falar do comercio da moda</p>
Actividade final	Escribir un artigo para un revista de moda que fale sobre o comercio da moda.
Contidos funcionais	<p>Exclamar.</p> <p>Expresar a causa e a temporalidade en modo implícito. Usar formas cristalizadas.</p> <p>Descibir e definir as persoas en base ao aspecto. Usar expresións idiomáticas derivadas da xestualidade.</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>O concepto de canon de beleza en Italia e España (confrontación entre culturas).</p> <p>Empresas de moda.</p> <p>As marcas.</p>
Contidos léxico-semánticos	<p>A moda italiana: expresións do mundo da moda.</p> <p>Os adxectivos alterados</p> <p>Os tatuaxes.</p> <p>Palabras estranxeiras na lingua italiana</p>
Contidos gramaticais	<p><i>L'infinito presente e passato.</i></p> <p><i>Il gerundio assoluto (presente e passato). Il gerundio in forme cristallizzate.</i></p>

	<i>La posizione del soggetto con il gerundio. La parola Ancora.</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Repaso da división silábica. Pronunciación italiana de palabras estranxeiras

Unidade didáctica 8

Tema: MUSICALI	GENERI	Tutti all'opera!
Temporalización		5 sesións (ata o 12 de abril)
Obxectivo		Discutir sobre o significado das arias máis importantes e sobre a interpretación dos cantantes de ópera.
Actividade final		Presentar á clase unha ópera italiana: falar da obra, do autor, dos cantantes e das críticas ao longo da historia.
Contidos funcionais		Descrivir un xénero musical. Expresar un parecer ou unha preferencia. Enfatizar un elemento do discurso
Contidos socioculturais e sociolingüísticos		Os compositores de opera italianos. As óperas máis coñecidas. Cantantes, coreógrafos, directores de orquestra de fama internacional.
Contidos léxico-semánticos		Actividades artísticas: a ópera e o teatro.
Contidos gramaticais		<i>L'infinito retto dalle preposizioni Da e Per. La dislocazione a destra.</i> <i>L'uso dell'avverbio Addirittura.</i> <i>Altri usi particolari della preposizione Da.</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos		Entoación característica de refráns

Unidade didáctica 9

Tema: SOCIETÀ E LAVORO	Donne d'Italia
Temporalización	6 sesións (ata o 8 de maio)
Obxectivo	Debater sobre a situación da muller na sociedade de hoxe.
Actividade final	Expoñer na clase a historia dunha muller importante para a historia de Italia
Contidos funcionais	Comentar estatísticas (repasso). Expresar hipóteses. Expresar un concepto en modo redundante. Expresar un parecer de forma atenuada. Reforzar un concepto.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Os cambios na familia polo nova situación da muller na sociedade. Personaxes: Dacia Maraini. O feminino dos nomes de profesións. Os proverbios sobre as mulleres
Contidos léxico-semánticos	Relacións humanas e sociais: a familia, a conciliación familiar. O mundo do traballo: profesións e cargos, conflitos laborais, dereitos e obrigas laborais, condicións laborais. O sexismo lingüístico.
Contidos gramaticais	<i>Il periodo ipotetico con ipotesi in forma implícita. I connettivi ipotetici.</i> <i>Il non pleonástico.</i> <i>Le espressioni Non solo... ma anche, Non è che... però.</i> <i>Usi dei segnali discorsivi.</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	<i>La pronuncia con raddoppiamento fonosintattico.</i> As maiúsculas no tratamento de cortesía

Unidade didáctica 10

Tema: I MASS MEDIA	L'italiano (mi) cambia
Temporalización	6 sesións (ata o 31 de maio)
Obxectivo	Expresar a propia opinión sobre o plurilingüismo.
Actividade final	Actividade en grupo: debate sobre o plurilingüismo
Contidos funcionais	Comprender o significado e usar neoloxismos Usar expresións idiomáticas para intensificar adxectivos. Reflexionar sobre a aprendizaxe lingüística. Falar dos propios erros lingüísticos.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Persoaxes: Niccolò Ammaniti, Italo Calvino, Susanna Tamaro. Historia da lingua italiana. A situación lingüística en Italia
Contidos léxico-semánticos	Os préstamos doutras linguas. Neoloxismos. A linguaxe dos sms e dos chat. Léxico relativo ao computador e ás novas tecnoloxías.
Contidos gramaticais	<i>I superlativi idiomatici.</i> <i>Verbi pronominali (ripasso).</i> <i>L'imperativo nel discorso indiretto.</i> <i>Usi particolari dell'avverbio Tanto.</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O recoñecemento das variantes diatópicas máis estendidas: contacto con diferentes acentos italianos.

2.3.1.3. Criterios de avaliación

- Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.
- Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
- É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.
- Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices

de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

- Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e reconece matices de significado.
- Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.
- Expressa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.
- Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
- Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.
- Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.
- Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.
- É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.
- Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).
- Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
- Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

- Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso. Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.
- Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.
- Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
- Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.
- Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.
- Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
- Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.
- Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
- Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

- Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.
- Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).
- Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o

ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico).

- Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
- Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).
- Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
- Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
- Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

2.3.1.4. Mínimos esixibles

Para poder acceder ao Nivel Avanzado C1.2 as alumnas e os alumnos demostrarán que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender a información principal de monólogos sostidos en conferencias, charlas, discursos e noutras formas de presentación pública, académica e profesional referidas a temas coñecidos, desenvolvidos mediante marcadores discursivos explícitos, articulados en lingua estándar, aínda que se deban inferir significados pola presenza dalgunhas expresións idiomáticas pouco habituais.
- Comprender cun grao razoábel de precisión e eficacia diferentes tipos de textos en lingua estándar sobre temas de actualidade emitidos pola radio ou a televisión, en películas, representacións teatrais e outros textos audiovisuais, sempre que conteñan

elementos redundantes que faciliten a comprensión, estean producidos a un ritmo normal, en boas condicións acústicas, e poidan ser escoitados máis dunha vez.

Comprender con eficacia ao seu interlocutor en distintas situacións de comunicación nas que se fale a un ritmo normal en lingua estándar, cunha pronunciación clara e sobre temas dos ámbitos persoal, público, profesional e académico, aínda que lle custe algún esforzo ou teña que axudarse de preguntas para asegurar a comprensión.

- Identificar con certa precisión informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións referidas a temas que resulten familiares nos ámbitos persoal, público, profesional e académico.
- Utilizar estratexias para a comprensión das mensaxes orais.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL

- Realizar presentacións e declaracións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, facendo descrições e expoñendo argumentos con claridade, razoando a favor ou refutando un punto de vista concreto, amosando as vantaxes e inconvenientes de varias opcións e achegando información a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non supoña tensión para os seus interlocutores.
- Participar activamente en conversas formais e informais, explicando ou argumentando con claridade os seus puntos de vista, realizando comentarios adecuados sobre os puntos de vista doutras persoas, decantándose razoadamente por unha vía de entre varias propostas e destacando, se cumprise, a importancia persoal de certos feitos e experiencias.
- Presentar brevemente e con claridade un tema, caso ou acontecemento, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, así como explicar un problema e indicar que se está disposto a facer concesións ou solicitalas sen molestar involuntariamente aos seus interlocutores.
- Participar en entrevistas estruturadas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, solicitando aclaracións, se é o caso, e pechando positivamente a entrevista.
- Expresarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado ás diversas situacións de comunicación, seguindo as regras prosódicas – acento, ritmo e entoación-

propias do idioma de que se trate, con razoable fluidez, cunha pronunciación clara, con bastante control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

COMPRESIÓN DE LECTURA

- Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como propio da especialidade, que conteñan conectores textuais de tempo, orde e explicación, e expresións da suxestión, do mandato ou da advertencia, e utilicen un léxico amplo, variado e preciso, aínda que sexa necesario reler e apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, esbozo, e outros.
- Localizar información global e detallada, e distinguir entre feitos, opinións e recomendacións en textos propios de xornais, revistas, guías, páxinas web, novelas, etc. nunha lingua estándar ou nunha variedade de lingua próxima á estándar.
- Comprender información esencial de cartas persoais, acordos, contratos, comunicados ou correspondencia institucional e comercial, correos electrónicos, etc. nos que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, que versen sobre temas xerais e da súa especialidade, e saber reaccionar adecuadamente distinguindo o rexistro máis formal do estándar.
- Utilizar diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), o uso do contexto, de dicionarios ou a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA

- Escribir textos (notas, cartas, reclamacións) nos que se solicite e transmita información, se transmitan emocións, se expliquen problemas, se manifesten puntos de vista ou se comuniquen noticias, salientando os aspectos relevantes ou a importancia persoal de feitos e experiencias, con suficiente claridade e adecuando o rexistro á situación de comunicación.
- Resumir información de diversas fontes, tanto factuais como de ficción, que conteñan unha trama argumental ou secuencia de acontecementos.
- Escribir reseñas de libros, películas, exposicións e outros eventos dando unha idea xeral deles e reflectindo a interpretación persoal e a valoración crítica.

- Escribir textos informativos nos que se dea a coñecer a realidade e como ocorreron os feitos, describindo persoas, estados físicos ou anímicos, procesos, cambios ou sistemas ou narrando acontecementos seguindo a estrutura organizativa propia deste tipo de textos e con independencia da propia maneira de pensar ou de sentir.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para compoñer e revisar de xeito autónomo os propios textos.

ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN

- Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.
- Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.
- Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.
- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

2.3.2 NIVEL AVANZADO C2

2.3.2.1. Obxectivos específicos

COMPRESIÓN ORAL

- Comprender, independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente de calquera tipo de información específica en declaración e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.
- Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).
- Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.
- Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.
- Comprender conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.
- Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAIS

- Facer declaración públicas con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.
- Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.
- Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.
- Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación, así como capacidade de reacción e improvisación.
- Realizar e xestionar con eficacia operación e transaccións complexas ante

institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.

- Conversar en situación da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros e un uso apropiado da ironía.
- Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

COMPRENSIÓN DE LECTURA

- Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.
- Comprender as implicacións da información contida en instrucións, normativas, ordenamentos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.
- Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, p. ex. actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación, ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.
- Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional: identificar actitudes e opinión implícitas e apreciar as relación, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.
- Comprender e interpretar de maneira crítica a información contida en material bibliográfico especializado de carácter académico ou profesional, en calquera soporte.
- Comprender publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.
- Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.
- Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as

remitentes.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA

- Tomar notas e apuntamentos mentres se participa en reunión, seminarios, cursos ou conferencias, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.
- Negociar textos de acordos, resolución, contratos ou comunicados, modificar e corrixir borradores.
- Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica sobre textos técnicos de índole académica ou profesional, sobre obras literarias ou artísticas, sobre proxectos de investigación ou sobre outras recensións e artigos (temáticos) escritos por terceiros.
- Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos que se presenta o contexto, o transfondo teórico e a literatura precedente e onde se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente.
- Escribir, independentemente do soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.


MEDIACIÓN

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo de texto.
- Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, p.ex, variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.
- Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

2.3.2.2. Contidos e secuenciación

Para o curso de avanzado C2 empregamos como libro de texto de Michela Guida e CHIARA PEGORARO: *Nuovo Espresso 6, corso di italiano per stranieri*, ALMA

Edizioni, 2019. As unidades do libro serán completadas con materiais elaborados pola profesora, materiais doutros métodos comunicativos e con materiais auténticos extraídos de internet.

	<p>Nuovo Espresso 6 Chiara Pegoraro e Michela Guida Editorial Alma Edizioni Edición 2019 ISBN 9788861826106</p>
---	---

Os obxectivos e contidos do Intermedio C2 desenvolveranse partindo das seguintes unidades didácticas temáticas:

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
Unidade 1: <i>Esterofilia</i> Unidade 2: <i>È la scienza, bellezza!</i> Unidade 3: <i>Edizione straordinaria</i> Unidade 4: <i>Letteratura come cura</i> Unidade 5: <i>A crepappelle</i>	Unidade 6: <i>Buona la prima</i> Unidade 7: <i>C'era una volta</i> Unidade 8: <i>Uguale per tutti</i> Unidade 9: <i>Dica trentatré</i> Unidade 10: <i>Terra del "sì"</i>

Secuencia dos contidos en unidades didácticas

Unidade didáctica 0: avaliación inicial

Actividade	Obxectivo	Temporalización
Avaliación inicial	Avaliación dos coñecementos previos do nivel C1 e avaliación da produción oral e escrita.	3 sesións (setembro)

Primeiro cuadrimestre (setembro – xaneiro)

Unidade didáctica 1

Tema	Esterofilia
Temporalización	Setembro - outubro
Obxectivo	Saber contar con entoación e vocabulario unha metida de zoca
Actividade final	Exposición oral: unha metida de zoca
Contidos funcionais	<p>Contar unha metida de zoca</p> <p>Esaxerar e minimizar</p> <p>Comprender e empregar expresións idiomáticas sobre as nacionalidades</p> <p>Resumir oralmente un texto escrito</p>
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	<p>As diferenzas culturais</p> <p>A cultura estranxeira</p> <p>O escritor Carlo Levi</p>
Contidos léxico-semánticos	Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas
Contidos gramaticais	<p>Os nomes invariables</p> <p>Préstamos e palabras estranxeiras</p> <p>Verbos que necesitan a preposición <i>di</i></p>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A entoación e o acento

Unidade didáctica 2

Tema	È la scienza, bellezza!
Temporalización	Outubro - novembro
Obxectivo	Falar dos usos da ciencia no día a día
Actividade final	Comentar a importancia dos avances científicos de Italia

Contidos funcionais	Resumir oralmente un texto escrito Falar da importancia da ciencia na vida diaria Empregar analoxías Empregar elementos da oralidade nun texto escrito Transformar un texto oral nun texto escrito
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Leonardo da Pisa Científicos italianos Astronautas italianos
Contidos léxico-semánticos	Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas
Contidos gramaticais	Os pronomes relativos partitivos A falsa negación Repaso do subxuntivo A frase complexa
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	As diferenzas entre lingua oral e escrita

Unidade didáctica 3

Tema	Edizione straordinaria
Temporalización	Novembro
Obxectivo	Diferenciar as noticias verdadeiras das falsas
Actividade final	Presentar noticias verdadeiras e falsas e distinguilas
Contidos funcionais	Recoñecer unha noticia falsa Dar noticias non conformadas Dramatizar unha narración Recoñecer o rexistro xornalístico Ler e escribir nas redes sociais
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Antonio Tabucchi

	Vera Gheno Os medios de comunicación italianos
Contidos léxico-semánticos	Medios de comunicación: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais
Contidos gramaticais	O infinitivo nas frases subordinadas O imperfecto narrativo e outros usos particulares Usos particulares do condicional
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A puntuación

Unidade didáctica 4

Tema	Letteratura come cura
Temporalización	Decembro
Obxectivo	Falar de literatura italiana
Actividade final	Presentar un libro italiano
Contidos funcionais	Seguir o fío do discurso aínda que haxa digresións Falar de literatura Recoñecer un xénero textual polo seu estilo Dar consellos complexos
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	As editoriais italianas Primo Levi Eugenio Montale Escritores italianos
Contidos léxico-semánticos	Lecer e tempo libre Literatura
Contidos gramaticais	O uso das comillas As palabras derivadas Usos de <i>che</i>
Contidos fonéticos,	A lectura fluída

fonolóxicos e ortotipográficos	O emprego das comiñas
--------------------------------	-----------------------

Unidade didáctica 5

Tema	A crepabelle
Temporalización	Xaneiro - febreiro
Obxectivo	Falar sobre os estereotipos da Italia
Actividade final	Exposición oral sobre o humor e as diferentes nacionalidades
Contidos funcionais	Resumir un texto oral Comunicar a intensidade dun discurso Escribir un texto irreverente Comprender diversos xéneros de humor Falar dos estereotipos relativos a Italia e ao propio País ou rexión
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Estereotipos sobre Italia a súa xente Artigo 31 Oriana Fallaci Os insultos e bocalada
Contidos léxico-semánticos	Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...
Contidos gramaticais	Os conectivos Afondamento sobre o pronome reflexivo
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A entoación irónica

Segundo cuadrimestre (febreiro – maio)

Unidade didáctica 6

Tema	Buona la prima
-------------	-----------------------

Temporalización	Febreiro - marzo
Obxectivo	Falar sobre o cine italiano
Actividade final	Presentar oralmente unha película italiana
Contidos funcionais	Escribir unha recensión sobre unha película Comprender diversos xéneros cinematográficos Falar da historia do cine italiano Resumir un texto oral (películas)
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Películas italianas: premio Oscar Stefano Benni Dobres sentidos
Contidos léxico-semánticos	O cine e as películas
Contidos gramaticais	Os conectivos Un uso particular sobre o pronome <i>chi</i> As repeticións
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A entoación emotiva

Unidade didáctica 7

Tema	C'era una volta
Temporalización	Marzo
Obxectivo	Contar unha fábula
Actividade final	Contar unha fábula e reflexionar sobre as ideas que transmite
Contidos funcionais	Resumir un texto escrito (contos) Escribir a ensinanza dunha fábula Comprender diversos estilos de narración Falar dos contos tradicionais e modernos
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Contos clásicos

	Italo Calvino Expresións idiomáticas
Contidos léxico-semánticos	A narración e a literatura
Contidos gramaticais	Os relativos A combinación de verbos A concordancia dos pasados
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación

Unidade didáctica 8

Tema	Uguale per tutti
Temporalización	Abril
Obxectivo	Comentar textos xurídicos
Actividade final	Crear leis e comentalas
Contidos funcionais	Comprender un texto xurídico Comentar e interpretar o significado dunha lei Argumentar unha opinión Entender a linguaxe burocrática
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	As leis italianas
Contidos léxico-semánticos	As leis e a linguaxe xurídica
Contidos gramaticais	Omisión do artigo As subordinadas implícitas Hipónimos do verbo <i>fare</i>
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	A pronunciación das vogais <i>e</i> e <i>o</i> abertas e fechadas

Unidade didáctica 9

Tema	Dica trentatré
------	----------------

Temporalización	Abril - maio
Obxectivo	Falar sobre os hábitos alimentarios
Actividade final	Presentar diferentes tipos de alimentación segundo o país onde se vive
Contidos funcionais	Falar con eufemismos Atenuar un concepto incómodo ou desagradable Entender un diagnóstico ou unha prescripción médica Describe o estilo de vida relacionado coa alimentación e o exercicio
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	A sanidade italiana
Contidos léxico-semánticos	Saúde e fobias Expresións sobre nutrición y alimentación
Contidos gramaticais	O adverbio <i>già</i> Os sufixos A dobre negación
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O acento tónico e gráfico

Unidade didáctica 10

Tema	Terra del “si”
Temporalización	Maio
Obxectivo	Falar dos dialectos italianos
Actividade final	Exposición: presentar un dialecto ós compañeiros
Contidos funcionais	Falar da lingua estándar e os dialectos. Distinguir algúns dialectos en base ás súas características mais difundidas.
Contidos socioculturais e sociolingüísticos	Dialectos de Italia Diferencia Norte e Sur de Italia

	Xeosinónimos
Contidos léxico-semánticos	A paisaxe dialectal
Contidos gramaticais	A duplicación A forma impersonal A combinación de verbos
Contidos fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas mais estendidas.

2.3.2.3. Criterios de avaliación

Actividades de comprensión de textos orais

- Aprecia matices como a ironía ou o sarcasmo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.
- Comprende o que se pretende comunicar e utiliza con habilidade as claves contextuais co fin de inferir a actitude dos e das falantes e sacar as conclusións apropiadas.
- Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto oral de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado.
- Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece os matices sutís de significado.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Utiliza diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e é quen de expresar matices sutís de significado.
- Pode expresarse de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística, mesmo sobre asuntos complexos e delicados.
- Controla e repara o seu discurso en contextos complexos.
- Formula pensamentos con precisión, pon énfase e elimina posibles ambigüidades.
- Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados.
- Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas.
- Realiza narracións detalladas cun estilo apropiado sobre temas complexos, integrando

subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada.

- Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de desticalos, diferenciais e eliminar posibles ambigüidades.
- Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebater os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir.
- Utiliza un vocabulario correcto e apropiado, co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado.
- Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea.
- Pode resumir ou trasladar con detalles as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios.
- Axusta a entoación a situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Aprecia diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro e de estilo e saca as conclusións apropiadas de uso que se fai destes.
- Comprende o que se pretende ou se lle require, sendo quen de inferir a actitude e a intención do/a autor/a.
- Pode valorar a información procedente de distintas fontes e decidir se é ou non relevante para o fin ou a tarefa en cuestión.
- Pode localizar información relevante, así como comprender o seu tema, contido e orientación, a partir dunha lectura rápida do texto.
- Utiliza sen dificultade dicionarios monolingües da súa área de especialización.
- Recoñece recursos estilísticos, p. ex. a metáfora, e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.
- Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e os tipos textuais específicos.
- Recoñece xogos de palabras e figuras estilísticas e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.
- Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convención ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital, de carácter

especializado.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribe textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse sen ningunha limitación.
- Escribe textos complexos, coherentes e cohesionados, con claridade, cun estilo apropiado e eficaz e unha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a atopar as ideas máis significativas.
- Utiliza diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto e a intención comunicativa.
- Pode expresarse por escrito de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística.
- Redacta un texto e adáptao á situación requirida.
- Saca proveito dun amplo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, poñer énfase, diferenciar e eliminar ambigüidades.
- Comunica con total certeza información complexa e detallada.
- Pode dar explicación coherentes de carácter teórico.
- Realiza descrições e narracións detalladas integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada.
- Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.
- Expresa e argumenta as súas opinión con claridade e precisión, rebate os argumentos dos seus correspondentes e pode persuadir con soltura.
- Utiliza sen problemas as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico.
- Utiliza con consistencia un vocabulario correcto e apropiado co fin de enriquecer e precisar o que quere decir, e transmite matices sutís de significado.
- Utiliza as convención ortotipográficas propias da lingua, tanto de carácter xeral como máis específico, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación: se acaso, pode presentar algún descoido tipográfico ocasional.
- Relacionase coa persoa destinataria con total naturalidade, flexibilidade e eficacia.

Actividades de mediación

- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, así como a información, o estilo e as posturas orixinais.
- Produce un texto (oral ou escrito) claro, ben estruturado e cun estilo apropiado a partir de diversos tipos de fonte.
- Pode explicar e analizar as semellanzas e diferenzas culturais e lingüísticas, así como superar posibles barreiras ou circunstancias adversas na comunicación, poñendo en xogo a súa competencia intercultural e as súas competencias comunicativo- lingüísticas.
- Comunícase coa precisión necesaria, apreciando e sendo capaz de utilizar diferentes variedades da lingua e unha ampla gama de matices de significado.
- Selecciona con rapidez e aplica eficazmente os recursos lingüísticos máis convenientes para o propósito comunicativo, en función dos/as destinatarios e da situación.
- Produce textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir dunha gran diversidade de fontes textuais.
- Transmite con certeza información complexa e detallada, así como os aspectos sutís das posturas, opinión e implicacións dos textos orais ou escritos de orixe.
- Xestiona con naturalidade e espontaneidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer posibles malentendidos: volvendo, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución da cuestión.

2.3.2.4. Mínimos esixibles

COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Recoñecer variedades lingüísticas diferentes ao estándar e é capaz de comprendelas coa axuda de soporte visual.
- Localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto oral de estrutura discursiva complexa, aínda que non estea perfectamente estruturado.
- Comprender o que se pretende comunicar e de utilizar con habilidade as claves contextuais co fin de inferir a actitude dos e das falantes e sacar as conclusións apropiadas.

- Apreciar matices como a ironía ou o sarcasmo.
- Percibir as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñecer os matices de significado.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Expresar significados implícitos sobre asuntos complexos e delicados.
- Proporcionar información complexa de forma clara e detallada argumentar as súas ideas con claridade e de rebater e persuadir as persoas interlocutoras.
- Presentar ideas e opinións de forma clara e flexible.
- Realizar narracións detalladas, ben estruturadas e adecuadas ao contexto
- Argumentar as súas ideas con claridade e de rebater e persuadir as persoas interlocutoras.
- Utilizar vocabulario correcto e adecuado e pode expresar matices de significado.
- Resumir posturas propias e alleas.
- Reparar o seu discurso en contextos complexos.
- Expresar o que pensa con claridade e precisión.
- Producir un discurso ben estruturado.
- Variar o rexistro de formal a informal segundo as necesidades contextuais.
- Expresar matices de significado.

COMPREENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Entender e deducir a actitude e a intencionalidade do/a autor/a.
- Buscar, cunha lectura rápida, a información significativa e entender de que trata e como se trata.
- Destacar a información importante procedente de distintas fontes
- Usar o dicionario sen dificultade
- Entender a intención e a finalidade das convencións ortotipográficas.
- Apreciar xogos de palabras e elementos de estilo e valorar a función deles no texto e no contexto.
- Recoñecer variedades de lingua, cambios de rexistro e de estilo e entender por que se usan.

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Escribir textos complexos, coherentes e cohesionados, con claridade, cun estilo apropiado e cunha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a atopar as ideas máis significativas.
- Redactar un texto e adáptalo á situación requirida.
- Presentar ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.
- Expresar e argumentar as súas opinións con claridade, rebater os argumentos dos seus correspondentes e persuadir.
- Realizar descrições e narracións detalladas con precisión, integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión apropiada
- Escribir textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse sen que se noten limitacións.
- Utilizar sen problemas as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico
- Usar diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto e a intención comunicativa.
- Expresarse por escrito de forma irónica, ambigua, ou humorística.
- Relacionase coa persoa destinataria con naturalidade, flexibilidade e eficacia.

MEDIACIÓN

- Producir textos coherentes, cohesionados e de calidade a partir dunha gran diversidade de fontes textuais.
- Seleccionar e aplicar os recursos lingüísticos máis convenientes para o propósito comunicativo, en función das persoas destinatarias e da situación.
- Transmitir con certeza información complexa e detallada, os aspectos sutís das posturas, opinións e implicacións dos textos orais ou escritos de orixe.
- Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, así como a información, o estilo e as posturas orixinais.
- Explicar e analizar as semellanzas e diferenzas culturais e lingüísticas, superar barreiras ou circunstancias adversas na comunicación.

3. LIBROS DE APOIO

3.1. Gramáticas

3.1.1. Prácticas

NIVEL A1/A2-B1

- Bailini S. e Consonno S., I verbi italiani. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1), Alma Edizioni, 2004.
- Celi, M. e La Cifra, L., Grammatica d'uso della lingua italiana (A1-B2), Eli-Hoepli, 2016.
- Colombo F., Grammatica e praticadella lingua italiana per studenti stranieri (A2-B1), Recanati, Eli s.r.l., 2006.
- De Giuli, A., Le preposizioni italiane. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1), Alma edizioni, 2007.
- Ercolino, E. e Pellegrino, T.A., L'utile e il dilettevole 1. Esercizi e regole per comunicare (A1- B1), Loescher, 2011.
- Gatti, F.e Peyronel, S., Grammatica in contesto. Strutture e temi di italiano per stranieri (A1-B1), Loescher, 2006.
- Latino, A. e Muscolino, M., Una grammatica italiana per tutti 1. Regole d'uso, esercizi e chiavi per studenti (A1-A2), Edilingua, 2004.
- Latino, A. e Muscolino, M., Una grammatica italiana per tutti 2. Regole d'uso, esercizi e chiavi per studenti (B1-B2), Edilingua, 2006.
- Mezzadri, M., Grammatica essenziale della lingua italiana con esercizi, Guerra Edizioni, 1997.
- Naddeo, C.M., I pronomi italiani. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1), Alma Edizioni, 2007.
- Nocchi, S., Nuova grammatica pratica della lingua italiana: esercizi, test, giochi (A1-B2), Alma Edizioni, 2012.
- Petri, A., Laneri, M. e Bernardoni, A., Grammatica di base dell'italiano (A1-B1), Casa delle Lingue, 2015.

NIVEL B2

- Carrera Díaz, M., Curso de lengua italiana (Parte práctica), Ariel, 2004.
- Ercolino, E. e Pellegrino, T.A., L'utile e il dilettevole 2. Esercizi e regole per comunicare (B2- C2), Loescher, 2012.
- Nocchi, S.e Tartaglione, R., Grammatica avanzata della lingua italiana con esercizi (B1-C1), Alma Edizioni, 2006.
- Petri, A., Laneri, M. e Bernardoni, A., Grammatica di base dell'italiano, Casa delle Lingue, 2015.
- Troncarelli, D. e La Grassa, M., Grammatica avanzata. Esprimersi con le frasi: funzioni, forme e attività (B2+-C2), Edilingua, 2018.

3.1.2. Teóricas

NIVEL A1/A2-B1

Carrera Díaz, M., Manual de gramática italiana, Ariel, 2001.

- Savini, G.M. E Bruno, E., Gramática italiana, Espasa, 2009.
- Tartaglione, Roberto, Grammatica italiana, Alma Edizioni, 2005.
- VV.AA., Gramática italiana, Larousse, 2013.

NIVEL B2

Carrera Díaz, M., Curso de lengua italiana (Parte teórica), Ariel, 2004.

- Trifone, P. e Palermo, M., Grammatica italiana di base, Zanichelli, 2006.

NIVEL C1

- Patota, G., Grammatica di riferimento dell'italiano contemporaneo, Garzanti, 2006.
- Serianni, L., Grammatica italiana, italiano comune e lingua letteraria, UTET Università, 2006.
- Serianni, L., Della Valle, V. e Patota G., L'Italiano. La norma e l'uso della lingua, Ed. Archimede, 1992.

3.2. Léxico

NIVEL A1 / A2-B1

- Bertoni, S. e Nocchi S., Le parole italiane. Esercizi e giochi per imparare il lessico (A1-C1),

Alma Edizioni, 2003.

- Guglielmino, L. e Paterna, E., Una parola tira l'altra 1. Attività e esercizi di vocabolario (A1- A2), Guerra Edizioni, 2005.
- Guglielmino, L. e Paterna, E., Una parola tira l'altra 2. Attività e esercizi di vocabolario (B1- B2), Guerra Edizioni, 2006.
- VV.AA., Vocabulario básico del italiano, Larousse, 2013.
- VV.AA., Diccionario Italiano 100% visual, Larousse, 2018.

NIVEL B2

- Aprile, G., Italiano per modo di dire (A2-C1), Alma Edizioni, 2008.

NIVEL C1

- Beccaria, G.L., Per difesa e per amore. La lingua italiana oggi, Garzanti
- Castoldi, M. e Salvi, U. Parole per ricordare. Dizionario della memoria collettiva, Zanichelli, 2003.
- Mengaldo, P.V., Storia dell'italiano nel Novecento, Ed. Il Mulino, 2014.

3.3. Manuais de escritura

- Birattari, M., È più facile scrivere bene che scrivere male. Corso di sopravvivenza, Ponte alle Grazie Ed., 2011.
- Della Valle, V. e Patota G., Il Salvaitaliano. Le facili regole per evitare gli errori più comuni della lingua parlata e scritta, Sperling & Kupfer Ed., 2000.

3.4. Diccionarios

3.4.1. Bilingües

NIVEL A1 / A2

- Diccionario Herder Compacto Italiano/Spagnolo, Herder, 2003
- Diccionario Esencial Italiano-Spagnolo/Español-Italiano, Vox- Zanichelli, 2013.

NIVEL B1 / B2

- Diccionario Pocket Plus Español-Italiano / Italiano-Spagnolo, Collins- Grijalbo,

2011.

- Dicionario Avanzado Italiano-Spagnolo / Español-Italiano, Herder, 2011.
- Dicionario Pocket Italiano-Spagnolo / Español-Italiano, Larousse, 2010.
- Dicionario Manual Italiano-Spagnolo / Español-Italiano, Vox-Zanichelli, 2008.
- Dicionario italiano-galego, CIRP-Xunta de Galicia, 2000, que se pode descargar en versión pdf na seguinte ligazón: <http://www.cirp.es/pub/docs/varios/dicItaGal.pdf>

NIVEL C1

- Dicionario Maggiore Español-Italiano / Italiano-Spagnolo, Vox, 2009.
- Grande Dizionario di Spagnolo, Garzanti Editore, 2009.
- Grande Dizionario di Spagnolo, Hoepli, 2008.
- Il Grande Dizionario di Spagnolo, Zanichelli, 2012.

3.4.2. Monolingües

NIVEL B1

- Dizionario Medio di Italiano, Garzanti, 2007.
- Il Devoto-Oli Minore. Vocabolario della lingua italiana, Mondadori, 2013.
- Lo Zingarelli Minore. Vocabolario della lingua italiana, Zanichelli, 2014.

NIVEL B2 / C1

- Lo Zingarelli 2014. Vocabolario della lingua italiana, Zanichelli, 2013.
- Il Devoto-Oli 2014. Vocabolario della lingua italiana, Mondadori, 2013.
- Il Grande Dizionario di Italiano 2.2, Garzanti Editore, 2013

Nos niveis Intermedio B2.2 e Avanzado C1 tamén pode ser interesante para enriquecer a expresión escrita e oral e afinar no uso do léxico a consulta dalgunha obra como:

- Dizionario dei modi di dire della lingua italiana, Hoepli, 2012.
- Falsos amigos al acecho. Dizionario dei falsi amici di spagnolo, Zanichelli, 2009.
- Parole senza frontiere. Dizionario delle parole straniere in uso nella lingua italiana, Zanichelli – La Galiverna, 1994.
- Sinonimi e contrari. Dizionario fraseologico delle parole equivalenti, analoghe e contrarie, Zanichelli, 2007.

3.4.2.1. Dicionarios on-line

<http://dizionari.corriere.it> (aquí pódense encontrar varios dicionarios en liña)

3.4.1.2. Enciclopedias

<http://www.treccani.it> (que conta ademais cun dicionario monolingüe e de sinónimos)

3.5. Outros recursos e materiais

Ademais dos libros de texto, as gramáticas recomendadas e os libros de lectura, a Escola de Idiomas conta cunha biblioteca multimedia convenientemente surtida de libros de consulta e outras publicacións periódicas (revistas, xornais), con acceso a internet, materiais audiovisuais e reprodutores de vídeos e DVD.

4. USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

O profesorado do Departamento utiliza cada vez máis materiais textuais e audiovisuais con contidos actuais descargados da rede como fonte para a elaboración de actividades didácticas para o traballo na aula

Ademais, a Escola de Idiomas conta cunha biblioteca multimedia con acceso a internet, materiais audiovisuais e reprodutores de vídeos e DVD; a aula de apoio; unha aula de informática cun amplo equipamento de computadores conectados á rede e métodos e gramáticas multimedia.

O salón de actos conta cun equipo informático e audiovisual con DVD e televisión vía satélite, e con encerado dixital. Ademais, nos anos anteriores fixéronse avances para dotar todas as aulas de encerado dixital e ordenador.

E este ano ofrecemos ao alumnado novos recursos, ferramentas e formas de aprendizaxe co fin de mellorar a adquisición das competencias básicas. Por unha parte, introducimos o uso de tabletas na aula e na biblioteca que facilitará o acceso á información e a diferentes ferramentas para a aprendizaxe da lingua (empregaremos aplicacións de uso exclusivo na aula como *Kahoot* e recomendaremos outras máis axeitadas para a aprendizaxe autónoma fóra do centro como *Quizlet*).

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E EXTRACURRICULARES

5.1. Actividades do departamento

No presente ano académico o Departamento de Italiano propónse ofrecer unha ampla oferta de actividades destinadas a completar a formación do alumnado e que lles permitan afondar no coñecemento de múltiples aspectos da cultura e da sociedade italiana dun xeito entretido e lúdico.

Queremos destacar a oferta de dous monográficos de 30 horas, que empezarán en outubro: “Turismo e gastronomía rexional italiana” e “L’Italia attraverso la letteratura”. Deste xeito, queremos promover o uso da lingua entre aquelas persoas que teñan a necesidade ou o interese de achegarse á lingua dun modo que non sexan os cursos ordinarios.

E función das propias posibilidades e do interese demostrado polos alumnos, poderanse facer proxeccións, degustacións de produtos típicos, concursos culturais, exposicións, etc.

Continuarase tamén tratando de organizar conferencias impartidas por nativos ou especialistas, obradoiros (entre eles de cociña, artesanía e tradicións), presentacións de libros, recitais, concertos, representacións teatrais e outras actividades similares, contando sempre coa contribución dos alumnos e da comunidade educativa.

A programación deste tipo de actividades, así como outras máis específicas, terá especial relevo con ocasión das principais festas e efemérides italianas: Natale, Carnevale, Pasqua, Pesce d’Aprile, Festa della Liberazione, etc.

A animación á lectura levarase a cabo dentro da aula lendo fragmentos de libros ou textos e na biblioteca do centro onde se os animará a que escollan e leven para casa libros, que están divididos por niveis.

5.2. Actividades a nivel centro

Este curso 2023/2024 está previsto un ciclo de cine nos Multicines Hollywood de Monforte de Lemos.

Como actividades de centro destacamos no mes de novembro o día da infancia e en maio o día internacional do acoso escolar dos que se encarga o departamento de italiano. En marzo celébranse o día da muller e a semana da prensa e en abril o día do libro e todos os departamentos farán algunha actividade relacionada con eses temas.

6. AVALIACIÓN

6.1. Principios xerais de avaliación

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial a avaliación no presente curso terá as seguintes modalidades e aplicarase esta orde naqueles aspectos que non contradigan o decreto vixente.

Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

A avaliación do grao de dominio proposto para cada curso nas diferentes destrezas realizarase mediante os seguintes instrumentos:

- Proba parcial de progreso. Realizarase ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis no mes de xaneiro ou cando a Xefatura de Estudos o determine, coincidindo co final do primeiro cuadrimestre.
- Proba final de promoción. Realizarase nos cursos que non sexan terminais de nivel en convocatoria ordinaria a finais do mes de maio o principios de xuño e a extraordinaria hacia mediados ou finais do mes de xuño, coincidindo co remate do curso escolar.
- Proba terminal de certificación. Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios establecido que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que está pendente da súa publicación.

Respecto da asistencia, hai que sinalar que o alumnado presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. De facelo, nos cursos non terminais de nivel perderá o dereito a que se teña en conta a cualificación de proba de progreso do mes de xaneiro e á valoración da súa participación nas actividades lectivas. En todo caso, o alumnado terá dereito a realizar a proba final de promoción ou a terminal de certificación.

6.2. Procedementos de avaliación

A avaliación estará centrada nas actividades de lingua, polo que as probas serán elaboradas para verificar o grao de dominio de cada unha delas.

O propio Departamento se encargará da elaboración, administración e corrección da proba parcial de progreso e da proba final de promoción, que terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

A proba terminal de certificación do nivel A1, A2 e B1 será elaborada polos departamentos didácticos, seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Educación. Mentres que as probas terminais correspondentes aos niveis B2 e C1 estarán baixo a coordinación dunha comisión de validación designada pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Con todo, a administración, corrección e cualificación destas probas será responsabilidade do Departamento didáctico.

6.3. Sesións de exames

Os exames poden non coincidir coas franxas horarias e os días da semana de clase en calquera das convocatorias.

Normalmente as sesións de exame teñen lugar en dous días, un día a parte oral e outro as escritas.

Cabe sinalar que están previstos tribunais de orais en todos os niveis a condición de que a organización do centro permítalo.

6.4. Estrutura e contido das probas

No deseño das probas de certificación tomaranse como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación para cada nivel e actividade de lingua dos currículos establecidos no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, e no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, así como os principios comúns de avaliación establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaranse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

Desta forma, a actividade de mediación e as actividades de produción e coprodución, que se administrarán, con carácter xeral, conxuntamente, poderán extraerse para seren administradas por separado, se for preciso. En todo caso, cada unha das cinco actividades

avaliarase de xeito independente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación.

A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria de setembro só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Para o nivel básico A2, a puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

Para os niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

A cualificación da produción e coprodución escrita e da produción e coprodución oral das probas terminais de certificación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aínda que non existe un decreto que regule as adaptacións no currículo de Escola de Idiomas, a Atención á Diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade do Departamento de Italiano e de toda a EOI. Nunha escola integradora tolerante e inclusiva, recoñécese a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais) constitúen o punto do que o Departamento parte para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado.

Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o profesor-titor no eixo principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais.

A responsabilidade non debe desprazarse do titor á Dirección da EOI, polo contrario, estes deben colaborar con aquel, de acordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben asegurar no posible, a atención singular aos alumnos que precisen deles. Preténdese que o centro responda diferencialmente á diversidade presente nas aulas.

O reto permanente consiste precisamente en ser quen de ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa á súa individualidade como persoa.

O principio de “Atención á diversidade” enténdese dende os seguintes enfoques:

- 1.- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos e non só duns poucos.
- 2.- Todos os alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da

Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.

3.- As necesidades educativas dos alumnos preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social- cultural.

Por último, mencionar que nas Escolas de Idiomas o profesor é sempre unha guía, un organizador da materia, non un simple transmisor de coñecementos, polo que a función titorial vai unida á propia función docente en cada momento.

7.1. Avaliación do alumnado con necesidades especiais

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades especiais, así como todo tipo de probas, actividades ou exercicios en cada curso ou nivel, basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

Os procedementos de avaliación deberán para iso contemplar aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado, decidíndose por tanto no Departamento a adopción de medidas especiais en cada caso particular seguindo as directrices do Equipo de Orientación Específico.

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE MONFORTE DE LEMOS

DEPARTAMENTO DE ITALIANO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2023 / 2024

Monforte de Lemos, 27 de setembro de 2023

Asinado, as docentes do departamento:

Inmaculada Pérez-Carrillo López (Xefatura de Departamento)

María Sandra Ferreira González (profesora interina)